

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 6 de febreiro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día seis de febreiro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(106).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 23 de xaneiro, e extraordinarias e urxentes do 26 e 28 de xaneiro de 2015. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(107).- DAR CONTA DE SENTENZAS, AUTOS E DECRETOS:

Dáse contas das seguintes Sentenzas e Autos remitidos por Asesoría Xurídica:

a) Expediente nº 8780-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 271/2014 P.A. Demandante: D. PERGENTINO MARTÍNEZ PAMPILLÓN e outro. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación do 24-2-2014. Reclamación da paga extraordinaria do Nadal de 2012. Esta sentenza, firme, establece a aplicación do RD-L 20/2012 a partir da súa entrada en vigor o 15-7-2012 (e non retroactivamente).

b) Expediente nº 8819-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 315/14 P.A. Demandante: D. FERNANDO PERAZA CASAJÚS. Obxecto: Resolución do 27 de agosto de 2014 (en reposición), sanción de tráfico (condución temeraria). É firme, anula a sanción, con custas de oficio.

c) Expediente nº 7944-111. Sentenza do Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra no Procedemento Ordinario nº 77/2013. Demandante: D^a CARLOTA RODRÍGUEZ PÉREZ. Obxecto: ACCIÓNS DO ART. 41 da L 17/2001 de MARCAS, Marca " MAR DE VIGO". Non é firme, desestima a demanda, absolvendo ao Concello con custas de oficio.

d) Expediente nº 8639-111, Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 147/14 P.O. Demandante: UNIVERSIDADE DE VIGO. Denega a suspensión da execución do acto recorrido (liquidación ICIO).

2^a Instancia. Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 4^a. Desestima a apelación da Universidade e confirma o Auto recorrido.

e) Expediente nº 7169-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 3/2012 P.O. Demandante: COMUNIDADE DE MVMC DE TEIS. Obxecto: Resolución do 11-5-2012 de solicitude de expropiación de parcelas. Desestimado o recurso.

2^a Instancia. Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 3^a. Apelación da CMVMC de Teis contra a sentenza de instancia. Desestimado o recurso confirmando a sentenza apelada.

f) Expediente nº 8488-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 43/14 P.O. Demandante: D. VÍCTOR L. GINZO INSÚA. Obxecto: Resolución do 3-12-2013 da Autoridade Portuaria de Vigo. RP-A, accidente de moto o 14-6-2011 en Beiramar. Desestima o recurso con custas de oficio taxadas.

g) Expediente nº 8750-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 231/2014 P.A. Demandante: D^a PAULA

DAVILA GRANADA. Obxecto: XGL 23 de maio de 2014. Bases específicas, convocatoria de 23 prazas de policía municipal. Estimado o recurso e condena a eliminar o requisito dos 36 anos como idade límite para os aspirantes.

h) Expediente nº 8745-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 228/2014 P.A. Demandante: D. DÁMASO PENA GONZÁLEZ. Obxecto: XGL 23 de maio de 2014. Bases selección policías municipais. Sentenza nº 300 do 22 de decembro de 2014. Estimado o recurso.

i) Expediente nº 8801-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 350/14 P.A. Demandante: D^a M^a CONCEPCIÓN MARTÍNEZ MURILLO. Obxecto: Desestimación “presunta” da reclamación do 27-5-2014 sobre parte proporcional devengada (1-6 a 14-7) da paga extraordinaria de Nadal 2012. Estimado o recurso.

k) Expediente nº 8246-111. Sentenza do Xulgado do Social nº 4 de Vigo sobre Despedimento 1030/2013. Demandante: D^a SUSANA BERNÁRDEZ, D^a ROSA BARANDELA e D^a PATRICIA VILLAR. Obxecto: “CENTROS CÍVICOS”, cesión ilegal e nulidade de despedimento o 31-7-2013. Estimado parcialmente.

2^a Instancia. Sentenza do TSXG, Sala do Social. Suplicación nº 3527/2014. Declara a nulidade da sentenza de instancia.

l) Expediente nº 7399-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 175/12 P.O. Demandante: C.P. DO Nº 10 da rúa do Couto de San Honorato. Obxecto: XGL 16-3-2012 (en reposición) sobre recuperación de oficio de zona de uso público. Desestimado o recurso.

m) Expediente nº 8778-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 274/14 P.A. Demandante: CONCELLO DE VIGO. Obxecto: Resolución do 23-7-2014 da DX de Conservación da Natureza da CMATI sobre medidas provisionais en procedemento sancionador ao O.A. VIGOZOO. Desestimado o recurso.

n) Expediente nº 8340-111. Sentenza do Xulgado do Social nº 5 de Vigo sobre CONFLICTO COLECTIVO 1253/2013. Demandante: UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES. Obxecto: Paga extraordinaria decembro 2012. Estimado

2^a Instancia. Sentenza do TSXG, Sala do Social no rec. Suplicación nº 2114/2014 interposto polo Concello de Vigo. Desestimado o recurso.

o) Expediente nº 6553-111. Sentenza do Xulgado 1^a Instancia nº 7 de Vigo no Procedemento Ordinario 71/2011 e Auto aclaratorio do 21-5-2012. Demandante: DIÓCESE DE TUI-VIGO, IGREXA CATÓLICA. Obxecto: Acción reivindicatoria, terreo de 140 m2 Colexio Santa Tegra, Teis. Estimado.

2ª Instancia. Sentenza da AP Pontevedra, Sección 5ª na Apelación 6/2013 do Concello. Estimada parcialmente.

p) Expediente nº 8810-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 299/14 P.A. Demandante: ARRAKIS S y C, S.L.U. Obxecto: Desestimación presunta de recurso de anulación contra resolución do TE-A do Concello de Vigo do 20-6-2014 (inadmisión) sobre autoliquidación 2008 a 2011 (taxa aproveitamento especial do dominio público local). Estimado parcialmente o recurso.

q) Expediente nº 8230-111. Sentenza do Xulgado do Social nº 4 de Vigo no Procedemento DEREITOS FUNDAMENTAIS 1042/2013. Demandante: Dª Mª ASUNCIÓN PÉREZ GONZÁLEZ. Obxecto: "CENTROS CÍVICOS".

2ª Instancia. Sentenza do TSXG, Sala do Social. Suplicación nº 3655/2014. Declara a nulidade da sentenza de instancia.

r) Expediente nº 8497-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 53/2014 P.O. Demandante: Dª ANA DOMÍNGUEZ FARIÑAS. Obxecto: Resolución do 27-11-2013, accidente o 15-3-2012, Samil, pista de patinaxe. Desestimado o recurso.

s) Expediente nº 8756-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 230/2014 P.A. Demandante: Dª ÚRSULA COMESAÑA AMBROSIO. Obxecto: XGL 23 de maio de 2014 sobre Bases específicas, convocatoria de 23 prazas de policía municipal. Estimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(108).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

a) A.R. PICHEL. EXPTE. 5123/241.

Visto o informe de fiscalización do 27.01.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 29.01.15, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por A.R. PICHEL, S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 3.319,83 euros, constituída para responder de subministración de equipos para os coches da flota municipal, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

"Devolver a A.R. PICHEL, S.A. a fianza de 3.319,83 euros, constituída para responder de subministración de equipos para os coches da flota municipal, xa que foron recibidos conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

b) DALKIA, S.A. EXPTE. 5054/241.

Visto o informe de fiscalización do 27.01.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 29.01.15, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por DALKIA ENERGIA Y SERVICIOS, S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 1.135 euros constituída para responder de servizo de mantemento integral de calefacción e auga quente nas escolas e colexios públicos, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a DALKIA ENERGIA Y SERVICIOS, S.A. a fianza de 1.135 euros constituída para responder de servizo de mantemento integral de calefacción e auga quente nas escolas e colexios públicos, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(109).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CLUB CICILISTA VIGUÉS PARA A ORGANIZACIÓN A “GRAN BIKEDADA”, OS DÍAS 7 E 8 DE FEBREIRO. EXPTE. 13863/333.

Dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.02.15, conformado polo concelleiro delegado de Deportes e polo secretario da Admón. Municipal, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

O Club Ciclista Vigués con (CIF:G36650885), solicitou o día 24-01-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150009551) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: A GRAN BIKEADA*
- *Data: 7 e 8 de febreiro de 2015*
- *Horario:*
 - *Inicio e fin evento: día 7(11.00 a 19.30h)- día 8 (9.00 a 16.30h)*
 - *Inicio do Montaxe:09.00h.*
 - *Fin do desmontaxe:17.00h*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que comenará o sábado día 7 ás 11.00 horas e rematará ás 19.30h, con actividades relacionadas coas bicicletas nas inmediacións do Centro Comercial A Laxe, e do domingo 8 de febreiro a partir das 9.00h se levará a cabo a marcha ciclista que percorrerá por Canovas del Castillo, Avda Montero Rios, Concepción Areal, Colón, Urzáiz, Travesía de Vigo, Jenaro de la Fuente, Avda. Aeroporto, rúa Cantabria, cño do Poulo, Traida da Auga e a volta que percorrerá por Traida da Auga, Cño Poulo, rúa Cantabria, Avda Aeroporto, Jenaro de la Fuente, Travesía de Vigo, Urzáiz, República Argentina, Areal, Concepción Areal, a chegada será entre as 13.00 e as 16.30h.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Protección civil

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

A entidade solicitante deberá cumprir as "Normas xerais sobre a utilización de espazos públicos" aprobadas pola Comisión de Goberno o 17 de marzo de 2003, así como o disposto no anexo II do Regulamento Xeral de Circulación referido a probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar o Club Ciclista Vigués con (CIF:G36650885), a organizar o vindeiro sábado 7 e do domingo 8 de febreiro o evento deportivo denominado A GRAN BIKEADA; o sábado 7 terá lugar no Centro Comercial A Laxe actividades relacionadas todas elas coas bicicletas de 11.00 a 19.30h, e o domingo 8 terá lugar unha marcha ciclista, non competitiva, que comenará ás 9.00h e que terá a súa saída de Canovas del Castillo e percorrerá pola Avda Montero Rios, Concepción Areal, Colón, Urzáiz, Travesía de Vigo, Jenaro de la Fuente, Avda. Aeroporto, rúa Cantabria, cño do Poulo, Traida da Auga, e a volta que sairá dende a Traida da Auga seguindo polo Cño Poulo, rúa Cantabria, Avda Aeroporto, Jenaro de la Fuente, Travesía de Vigo, Urzáiz, República Argentina, Areal ata Concepción Areal; a chegada dos participante será entre as 13.00 e as 16.30h.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(110).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSOS CONTRA RESOLUCIÓN DE OUTORGAMENTO DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS. ANO 2014. EXPTE. 11277/77.

Visto o informe xurídico do 28.01.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 23.01.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 21.11.2014, acordou:

PRIMEIRO.- Conceder axudas por un importe total de 150.000€ (cento cincuenta mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.01 "Axudas á creación de empresas", para as solicitudes que acadaron unha maior puntuación, segundo os criterios de avaliación e polos importes calculados segundo o tipo e/ou contía das axudas e gastos subvencionables, segundo o seguinte cadro:

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	BAREMO	SUBVENCIÓN A CONCEDER
11195/77	NOVA TRESS, C.B.	E27797778	26	2.033,58 €
11115/77	COCKTAIL DE IDEAS S.COOP. GALEGA	F27795780	24	701,47 €
11196/77	LUSCOFOODSCO, CB	E27785757	20	3.000,00 €
11149/77	DIANA ÁLVAREZ GONZALEZ	53183629Q	19,78	1.975,63 €
11222/77	OLIVICA SPORT S.L.	B27788595	18,25	2.304,34 €
11202/77	FERNANDO LAGO LÓPEZ	53176456L	18	1.895,94 €
11224/77	MARTA MARIA REPRESAS GIL	36060038V	17	3.000,00 €
11197/77	KACHE GESTION HOSTELERA, S.L.	B27792688	16,25	3.000,00 €
11103/77	VEINTIDOS ELEFANTES, C.B.	E27790674	16	1.136,35 €
11174/77	JOAQUÍN GARRIDO GONZÁLEZ	36043490Y	16	2.808,15 €
11212/77	SUMA IMPORTANCIA, S.C.	J27794056	16	989,46 €
11254/77	CASA KANGURO, C.B.	E27785500	16	2.431,64 €
11263/77	VR BOUZAS, C.B.	E27791375	16	3.000,00 €
11163/77	TECOINRE, S.L.U.	B27797117	15,5	2.886,59 €
11161/77	JUAN MANUEL MEJUTO BARCALA	35301569L	14,4	1.919,62 €
11189/77	CENTRO ESTÉTICO ETERNAL BEAUTY, C.B.	E27791979	14	566,16 €
11207/77	FANTASTIC PARK, C.B.	E27791631	14	3.000,00 €
11244/77	IRXA, C.B.	E27793454	14	1.064,05 €
11252/77	NAVIA VELLO, C.B.	E27787506	14	2.017,74 €
11109/77	GODOY VIDAL S.C.	J27794189	12	3.000,00 €
11162/77	GRUPO SÉMOLA, S.L.	B27788603	12	3.000,00 €
11173/77	CLÍNICA VETERINARIA TARTARUGA C.B.	E27791425	12	3.000,00 €
11176/77	MONTERO Y MARTIN GAITERO S.L.	B27799485	12	2.900,22 €
11184/77	QUALITY LED, C.B.	E27786318	12	3.000,00 €
11185/77	MANUEL JESÚS CERQUEIRA GÓMEZ	76910970M	12	2.885,73 €
11198/77	FIELDSGO, S.L.	B27790286	12	845,53 €
11213/77	GAMBOA Y GONZÁLEZ, C.B.	E27797505	12	3.000,00 €

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	BAREMO	SUBVENCIÓN A CONCEDER
11225/77	MARÍA ISABEL GARCÍA CAMPELO	36112170P	12	3.000,00 €
11151/77	CARLA MONTEIRO GOMES	X0576148K	11,25	3.000,00 €
11167/77	SEMPRE MEIGAS, S.L.	B27787001	11	3.000,00 €
11101/77	MARTA SUÁREZ FERNÁNDEZ	78800628Y	10	75,83 €
11122/77	MARÍA TERESA GONZÁLEZ PRADO	36101842F	10	1.380,58 €
11134/77	MARÍA JOSÉ MACÍAS BENEDICTO	36155940D	10	236,20 €
11150/77	BENVIDOS S.L.	B27787357	10	3.000,00 €
11155/77	MIHAELA DRUGAN	Y0438357Z	10	3.000,00 €
11158/77	GABRIEL BALÍN NOGUEIRA	36136060R	10	1.686,56 €
11159/77	SOFÍA GARCÍA DIZ	52196717B	10	3.000,00 €
11165/77	DELECER VIAXES, S.L.	B27785526	10	1.795,69 €
11181/77	MARÍA CRUZ JANEIRO RUIBAL	36069453W	10	3.000,00 €
11187/77	OS MENIÑOS CANADÁ, S.L.	B27794973	10	3.000,00 €
11223/77	PAULA ESTÉVEZ PÉREZ	36127590H	10	3.000,00 €
11230/77	MÓNICA FERNÁNDEZ CARRERA	76901492A	10	1.261,10 €
11235/77	IVÁN GALLEGRO NOGUEIRA	36169942G	10	3.000,00 €
11243/77	ÓSCAR COSTAS LEIRÓS	36085421P	10	3.000,00 €
11245/77	LUENGOS ANDRE, S.L.	B27714238K	10	3.000,00 €
11266/77	JOSÉ RAMÓN ARCE CONDE	36061802X	10	1.231,79 €
11152/77	MARÍA DOLORES FRANCOS GONZÁLEZ	76416666V	9	3.000,00 €
11170/77	DIOSMA SIMÓN DOMÍNGUEZ	36164067V	9	1.762,94 €
11192/77	SUSANA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ	36130344N	9	3.000,00 €
11298/77	IVAN CARLOS FIGUEROA LORENZO	36129293L	8	2644,15 €
11233/77	ZENYIN ESCUELA DAO YIN, SL	B27794338	8	3.000,00 €
11172/77	DAVID RUANOVA DAVILA	36086976E	8	3.000,00 €
11194/77	ESTEBAN ESTEVEZ BASTERO	36134294Y	8	3.000,00 €
11160/77	IRENE GUNCHE LOPEZ-DORIGA	36126345S	8	3.000,00 €
11186/77	JAVIER REDONDO MARTÍNEZ	36078392V	8	1897,17 €
11200/77	CAROLINA DIAZ JIMÉNEZ	75746023P	8	2036,55 €
11168/77	ALEJANDRO BARBOSA PEREIRA	36160875E	8	641,07 €
11136/77	JOSÉ DOMINGO CARRERA CAMISÓN	36093909D	8	2784,45 €
11132/77	SILVIA PORTABALES ALVES	53180337J	8	1305,77 €
11236/77	Mª AROHA DEL RIO GARCÍA	36107251B	8	3.000,00 €
11232/77	BELEN DIEZ BLANCO	18600322S	8	2784,22 €
11201/77	SERVICIOS INTEGRADOS HERMO, SL	B27745264	8	2896,06 €
11183/77	VANESA SILVIA SEIJO	39455454N	8	809,80 €
11157/77	CARMEN MARTÍNEZ GUIADANES	36036177F	8	809,80 €
11153/77	MARÍA BEATRIZ GALLEGRO DOMÍNGUEZ	76912295L	8	809,80 €
11137/77	YAGO PATIÑO GÓMEZ	39455267D	8	809,80 €
11135/77	CARMEN ELENA DOCARME FERNÁNDEZ	36055723A	8	99,37 €
11264/77	GALA BOADA MOLNER	52436440M	8	738,30 €
11215/77	ESPINOSA Y GONZÁLEZ, CB	E27786417	8	809,80 €

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	BAREMO	SUBVENCIÓN A CONCEDER
11205/77	EVA GONZÁLEZ GONZÁLEZ	36137956B	8	331,00 €

SEGUNDO.- Propoñer a denegación de axudas ás seguintes empresas, segundo o apartado 1.5. da base 1ª, para as solicitudes debidamente presentadas pero que acadaron unha menor puntuación, de acordo co baremo establecido:

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	PUNTUACIÓN BAREMO
11131/77	CARMEN MAIZ BAR	32676549N	6
11133/77	ALVARO DAVID BARRIOS	X3982963F	6
11138/77	ALBERTE GUTIÉRREZ TABOADA	36176671V	6
11154/77	SANTIAGO RIVAS PÉREZ	36051705X	6
11156/77	PABLO LORENZO GONZÁLEZ	36164333F	6
11177/77	ENRIQUE SALGUEIRO FERNÁNDEZ	36111382W	6
11180/77	LIDIA ANASTACIA ROLON RIQUELME	X8884175B	6
11182/77	LAURA RODRÍGUEZ NÚÑEZ	33312974G	6
11188/77	FRANCISCO JAVIER PRIETO TRABADA	36137198N	6
11190/77	JUAN JOSÉ BLANCO GARCÍA	39457693C	6
11203/77	SONIA MÁRQUEZ PRADO	36151195W	6
11214/77	VICTOR MANUEL PÉREZ GONZÁLEZ	36050160Y	6
11227/77	NEREA RIVERA IGLESIAS	53171616D	6
11228/77	GUILLERMO GARABATOS VIÑAS	36174216T	6
11229/77	MARIA MAQUIEIRA IGLESIAS	36024132Z	6
11246/77	MARTIN GONZÁLEZ LOUREIRO	36066779L	6
11253/77	NATALIA PIEDRAHITA RODRÍGUEZ	53178174N	6
11257/77	ANGEL JESÚS FERNÁNDEZ BORRUE	11951303C	6
11262/77	ANTONIO MANUEL DE OJAMIZ LESTON	33258175Z	6
11148/77	CARLOS ALBA MUÑOZ	36126883R	4
11164/77	OGMIOS, SL	B27789965	4
11171/77	EUGENIO SÁNCHEZ SÁNCHEZ	36132313A	4
11175/77	DAVID FERNÁNDEZ ABARQUERO	36125460G	4
11206/77	SPARK GLOBAL, SL	B27791094	4
11211/77	JOAQUÍN FALGUERAS SITJA	36098606Z	4
11218/77	ALBERTO CALVO AREAL	36132812L	4
11220/77	ENBASE 6.0, SL	B27791680	4

TERCEIRO.- Propoñer a denegación das axudas as seguintes empresas por incumprir cos requisitos, por non achegar a documentación requirida ou por renuncia, das solicitudes seguintes:

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	CÓD. DENEGACIÓN (*)
11107/77	POZO RIVERO HERMINDO	36083092W	E
11123/77	MARTINEZ PIÑEIRO PATRICIA	36126904E	R

EXPT.E.	SOLICITANTE	DNI/CIF	CÓD. DENEGACIÓN (*)
11125/77	MIRIAM CARAMÉS GONZÁLEZ	53174044E	D
11166/77	MR. PICKWICK SCHOOL, SL	B2778560	A
11178/77	CAFETERÍA-HAMBURGUESERÍA DALIA, CB	E27784057	P
11179/77	JACINTO FERREIRA JOELMA	Y0499658C	P
11191/77	LAGO GONZALEZ YOLANDA	36174599S	E
11199/77	ROUCO IGLESIAS JOSE MANUEL	36083876G	L
11204/77	ASOCIACION DE SERVICIOS A COMUNIDADE INCLUE	G27764844	E
11208/77	RIVERA ABAL ANA MARIA	53178088H	E
11209/77	MARIA ERISelda HERNANDEZ TELLO	54382893Z	I
11210/77	ALVAREZ FERREIRA ROSALIA	36172881E	P
11216/77	DOCARME FERNANDEZ MARIA ELVIRA	36079644G	L
11217/77	RIAL Y GONZALEZ CB	E27790294	R
11219/77	PEREZ FERNANDEZ ROBERTO	36101114S	L
11221/77	FUENTES GENDE ANTONIO	36083626F	R
11226/77	REY GONZALEZ NICOLAS	53184709S	L
11231/77	SARA DACAL RUIZ	39457235E	Q
11234/77	HERNANDEZ GRAÑA MARTA	39458935C	G
11247/77	NATALIA BELEN MOLDES RODRIGUEZ	76913864R	P
11248/77	CARLOS FREIRE MOGÍN	36094630V	P
11249/77	FERNÁNDEZ FERNANDEZ JORGE	76909419H	E
11251/77	SOTO GARCIA ANA ISABEL	36131658S	Q
11255/77	RODRIGUEZ RODAL CRISTIAN	36148550W	Q
11256/77	ALVAREZ DIAZ JOAQUIN	32777420M	Q
11258/77	CASTIÑEIRAS RODRIGUEZ M ISABEL	36110532A	L
11259/77	IGLESIAS VAN DER WOUDE JOSE MARIA	36133520Z	L
11260/77	MADIA LEVA, CB	E27794205	L
11261/77	AGUEDA Mª RODRIGUEZ DIAZ	36120424M	E
11265/77	MARIA JESUS DA SILVA ALVAREZ	53182015N	E
11267/77	CLASS CENTRO DE ESTUDIOS, CB	J27792423	P
11268/77	VIGO PLAZA GESTUR	53191309Z	P
11269/77	TALLERES PROTÓN, CB	E27788611	K

(*) Segundo a táboa anterior de denegación de axudas, os códigos que aparecen, correspónden-se cos seguintes conceptos:

CÓDIGOS DE DENEGACIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPÁIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2014

COD	CONCEPTO	BASE	APTDOS.
A	Non presenta solicitude segundo modelo normalizado (Anexo I)	4ª	4.1
B	Data de solicitude fora do prazo ⁽¹⁾	4ª	4.2
C	Non empresa individual ou PEME	1ª	1.2
D	Inicio de actividade (alta no IAE) fora do prazo ⁽²⁾	1ª	1.2
E	Enderezo fiscal fora de Vigo	1ª	1.3.1
F	Enderezo social fora de Vigo	1ª	1.3.1
G	Non estar en desemprego o promotor ou promotores (mín, 50% do capital social) na data de inicio da actividade.	1ª	1.3.2
H	Non empresa de nova creación (transformación xurídica, sucesión empre-	1ª	1.3.4

COD	CONCEPTO	BASE	APTOS.
	sa familiar)		
I	Ter débedas coa Seguridade Social.	1ª	1.3.5
J	Ter débedas coa Consellería de Economía e Facenda.	1ª	1.3.5
K	Ter débedas coa AEAT	1ª	1.3.5
L	Ter débedas co concello a empresa e/ou algún/s promotor/es	1ª	1.3.6
M	Actividade igual ou equivalente nos seis meses inmediatamente anteriores ao inicio da actividade	1ª	1.3.7
N	Percibir subvencións á creación de empresas do Concello de Vigo nos 4 anos anteriores ao inicio da actividade	1ª	1.3.8
O	Concorrer algunha das circunstancias previstas no art. 10 aptdos. 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións	1ª	1.3.9
P	Falta de documentación requirida en prazo	4ª	4.1/4.2
Q	Gasto non incluído nos conceptos subvencionables	4ª	4.1
R	Renuncia	8ª	8.2

–Prazo de solicitude do 31/07/2014 ao 29/08/2014

–Prazo de inicio da actividade do 01/04/2013 ao 31/03/2014

De conformidade coa Base 5ª relativa á Concesión das axudas e tramitación do pagamento, das Bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipáis á Creación de Empresas para o ano 2014, con data do 24.11.2014 publicouse no taboleiro de edictos do Concello de Vigo e na páxina web do concello www.vigo.org a resolución relativa ao outorgamento destas axudas. Contra esta resolución formularon recurso de reposición, dentro do prazo establecido, as seguintes empresas:

- Víctor Manuel Pérez González (expte. 11214/77).

Con data do 29.12.2014 e núm. de rexistro 140157863 Víctor Manuel Pérez González co DNI 36050160Y como titular da empresa Víctor Manuel Pérez González presentou, dentro do prazo establecido ao efecto, recurso de reposición contra o acordo de resolución da Xunta de Goberno Local do 21.11.2014 pola que se lle denegou a axuda á creación de empresas solicitada por acadar unha puntuación/baremo insuficiente para o acceso a esta axuda.

No recurso presentado o empresario manifesta a súa disconformidade coa desestimación da súa solicitude e solicita admitir unha puntuación/baremo superior ao efecto de acceder a unha axuda á creación de empresas baseado nas seguintes alegacións:

- “... *Primero.- La empresa Pérez González, Víctor Manuel cuestiona la legalidad de esta denegación de ayuda municipal porque no se especifican los puntos obtenidos a los criterios de Evaluación de la ayuda aquí recurrida. Por tanto, se cuestiona la legalidad de dicha puntuación/baremo.*
- *Segundo.- Éste departamento de Empleo del Concello de Vigo tampoco ha tenido en cuenta la situación social del promotor:*
 - ◆ *Desempleado mayor de 45 años.*
 - ◆ *Primero empleo como trabajador por cuenta propia-autónomos.*
 - ◆ *Trabajador perteneciente a una empresa en crisis: Industria y Motonáutica, S.L. Más de 25 años contratado por cuenta ajena en dicha empresa y la extinción del contrato de Don Víctor Manuel Pérez González ha sido mediante despido por causas económicas, Artículo 52.c) del Estatuto de los Trabajadores. Además, no se ha percibido in-*

demnización por extinción del contrato de trabajo y se ha presentada reclamación de despido improcedente (no puesta a disposición del trabajador de la indemnización legal) más cantidades pendientes en los Juzgados de Lo Social de Vigo y reclamación de cantidades e indemnización al Fondo de Garantía Salarial.

Por lo anteriormente expuesto, el promotor Don Víctor Manuel Pérez González pertenece a un colectivo en riesgo de exclusión social, ya que la cónyuge también está desempleada y con la condición de larga duración. Por tanto, y en función de esta razón segunda, la puntuación por situación social del promotor debe ser próxima a 20 puntos y acceder a las ayudas municipales a la creación de empresa.”

- Tercero.- El promotor Víctor Manuel Pérez González ha presentado ante este Departamento de Empleo facturas y sus justificantes de pago de la base 1º punto 4 de la Orden Reguladora. Además, tampoco se ha percibido ayudas o subvenciones públicas de las distintas administraciones públicas, ya que la subvención de Promoción do Empleo Autónomo de la Xunta de Galicia ha sido denegada por falta de crédito.”*

Conforme ao recurso plantexado, as Bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipáis á Creación de Empresas para o ano 2014, establecen:

— Na base 1ª, apartado 1.5. relativa aos Criterios de avaliación:

- “A concesión das axudas graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

1. Emprendedores/as co certificado do Concello de Vigo necesario para a súa cualificación como ILE ante a Xunta de Galicia e/ou que obtiveron a cualificación do Concello de Vigo como PEIM (10 puntos).

Empresas que obtiveron o certificado emitido polo concello de ILE e/ou PEIM	10 puntos
---	-----------

2. Situación social do socios/as promotores/as (ata 20 puntos).

Esta puntuación valorarase na medida na que se demostre que os/as socios/as promotores/as sexan pertencentes aos colectivos com maior dificultade de inserción no mundo laboral:

- Persoas desempregadas de longa duración ⁽¹⁾
- Que sexa o seu primeiro emprego
- Menor de 30 anos
- Maior de 45 anos
- Mulleres
- Discapacitados/as
- Persoas pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social ⁽²⁾
- Persoas que esgotasen a súa prestación de desemprego ou subsidio
- Persoas que formen unha familia monoparental ⁽³⁾
- Persoas que formen unha familia numerosa ⁽⁴⁾

Por cada condición que reúna cada un dos socios/as promotores/as	2 puntos
--	----------

- Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea de tres ou máis meses de duración (ata 10 puntos).

Por cada emprego creado, por conta propia ou allea a tempo completo de duración mínima de 3 meses	2 puntos
---	----------

No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais.

4. Que as persoas, promotoras e contratadas por conta allea, estén empadroadas no Concello de Vigo (ata 20 puntos).

Por cada persoa, promotora ou contratada por conta allea empadroada no Concello de Vigo	2 puntos
---	----------

5. Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (2 puntos).

Emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa	2 puntos
--	----------

- “No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación.

Para isto as solicitudes ordearanse en forma descendente segundo a puntuación obtida trala aplicación dos citados criterios, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto no punto 1.4. destas bases, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

No caso de que dúas ou máis empresas acaden a mesma puntuación e só houbera crédito orzamentario para unha ou algunha delas terase en conta o seguinte criterio de desempate:...”

- Segundo o Acta da Comisión de Valoración e Seguimento do 29.10.2014: *“Logo de examinar as solicitudes recibidas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, baremáronse segundo o apartado 1.5 aquelas que cumpren coa base 1ª, no seus apartados 1.2 Beneficiarios/as e 1.3 Requisitos xerais e coa base 4ª no seu apartado 4.2 Obrigas e como o montante total das solicitudes debidamente presentadas supera o orzamento previsto para tal fin, logo de aplicar os criterios de avaliación, fíxose necesario ordear segundo a puntuación obtida en forma descendente, polo que os importes a subvencionar son os calculados para cada solicitante, segundo o previsto no apartado 1.4 das ditas bases ata esgotar a cantidade máxima autorizada de 150.000€.*

Unha vez calculado o importe total a subvencionar das primeiras 49 solicitudes coa puntuación de baremo máis alta – entre 26 e 9 puntos, amolos dous incluídos -, quedaba un crédito orzamentario de 37.207,11€. Ante a persistencia da igualdade cun empate das 21 empresas que obtiveron 8 puntos na baremación, se procedeu a utilizar o criterio de desempate, regulado nas bases ...”.

Deste xeito á empresa Víctor Manuel Pérez González acadou unha puntuación de baremo de 6 puntos segundo aos criterios establecidos no base 1ª, no seu apartado 1.5 e en correspondencia coa documentación acreditativa presentada respecto á empresa e ao seu promotor (maior de 45 anos, posto de traballo creado e posto de traballo creado para persoa empadroada no Concello de Vigo). Puntuación que non acadou a puntuación mínima necesaria para a concesión da subvención.

Por outro lado, non procede a segunda alegación porque na puntuación de baremo avalíouse a situación social do promotor de maior de 45 anos, non se avaliou a condición de primeiro emprego tendo en conta a súa experiencia laboral segundo consta na súa vida laboral e, non presenta documento acreditativo da condición de persoa en risco de exclusión social. Ademais, a súa pertenza a unha empresa en crisis e a causa do seu despedido non constitúen criterios de avaliación, así como non procede considerar a condición social da súa cónyuge.

Respecto á terceira alegación a empresa presentou a documentación requirida necesaria pero non se concedeu a axuda solicitada polos motivos xa indicados (non acadar a puntuación de baremo necesaria para a concesión da axuda).

- Espinosa y González, CB (expte. 11215/77).

Con data do 26.11.2014 procedeuse a súa notificación á empresa Espinosa y González, CB co NIF E27786417 (expte. 11215/77).

Con data do 29.12.2014 e núm. de rexistro 140157860 Alejandra Nieto Bahamonde co DNI 36096221K como representante da empresa Espinosa y González, CB presentou, dentro do prazo establecido ao efecto, recurso de reposición contra o acordo de resolución da Xunta de Goberno Local do 21.11.2014 pola que se lle concedeu unha axuda por importe de 809,80€.

No recurso presentado a representante da empresa manifesta a súa disconformidade co importe da axuda e solicita admitir o dito recurso e recoñecer o incremento da axuda concedida baseado nas seguintes alegacións:

- *“... Primero.- Tener en cuenta que la entidad Espinosa y González, C.B. presentó facturas por importe superior a 6.000 euros (IVA no incluido) y, por tanto, el 50% de la ayuda deberían ser 3.000 euros.*
- *Segundo.- Éste departamento de Empleo del Concello de Vigo no ha tenido en cuenta las siguientes condiciones de los comuneros: Don Gustavo Adolfo Espinosa Sánchez es mayor de 45 años, incluso su situación socio-laboral antes de la constitución de esta comunidad de bienes es de exclusión social, además su último contrato fue extinguido por causas del Artículo 52 del Estatuto de los Trabajadores.*
La comunera Doña Alejandra Nieto Bahamonde es mujer desempleada de larga duración y, por último, la comunidad de bienes contrató a un trabajador desempleado mayor de 45 años a tiempo parcial y por una duración de 9 meses y previamente contrató por una duración de 6 meses tiempo parcial un trabajador perceptor del RISGA.”

Conforme ao recurso plantexado, as Bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas para o ano 2014, establecen:

— Na base 1ª, apartado 1.5. relativa aos Criterios de avaliación:

- “... 2. Situación social do socios/as promotores/as (ata 20 puntos).

Esta puntuación valorarásena medida na que se demostre que os/as socios/as promotores/as sexan pertencentes aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral...”.

- "... 3. Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea de tres ou máis meses de duración (ata 10 puntos).

Por cada emprego creado, por conta propia ou allea a tempo completo de duración mínima de 3 meses	2 puntos
---	----------

No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais".

- "No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación.

Para isto as solicitudes ordearanse en forma descendente segundo a puntuación obtida trala aplicación dos citados criterios, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto no punto 1.4. destas bases, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

No caso de que dúas ou máis empresas acaden a mesma puntuación e só houbera crédito orzamentario para unha ou algunha delas terase en conta o seguinte criterio de desempate:

a) Terán preferencia as solicitudes que acaden unha puntuación máis alta no número de postos de traballo creados e no caso de persistencia da igualdade de puntuación terase en conta a antigüidade no desemprego dos/as promotores e das persoas contratadas.

b) De continuar o empate, repartirase a contía dispoñible proporcionalmente segundo o importe que lles correspondería no caso de que houbera orzamento, todo elo sempre ata esgotar a cantidade máxima autorizada."

- Segundo o Acta da Comisión de Valoración e Seguimento do 29.10.2014: "*Logo de examinar as solicitudes recibidas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, baremáronse segundo o apartado 1.5 aquelas que cumpren coa base 1ª, no seus apartados 1.2 Beneficiarios/as e 1.3 Requisitos xerais e coa base 4ª no seu apartado 4.2 Obrigas e como o montante total das solicitudes debidamente presentadas supera o orzamento previsto para tal fin, logo de aplicar os criterios de avaliación, fíxose necesario ordear segundo a puntuación obtida en forma descendente, polo que os importes a subvencionar son os calculados para cada solicitante, segundo o previsto no apartado 1.4 das ditas bases ata esgotar a cantidade máxima autorizada de 150.000€.*

Unha vez calculado o importe total a subvencionar das primeiras 49 solicitudes coa puntuación de baremo máis alta – entre 26 e 9 puntos, ambos dous incluídos -, quedaba un crédito orzamentario de 37.207,11€. Ante a persistencia da igualdade cun empate das 21 empresas que obtiveron 8 puntos na baremación, se procedeu a utilizar o criterio de desempate, regulado nas bases, que establece que terán preferencia as solicitudes que acaden unha puntuación máis alta no número de postos de traballo, disminuindo así ata 25.562,96€ o crédito orzamentario, pero como aínda así persistía a igualdade de puntuación entre 17 empresas se recorreu a ter en conta a antigüidade no desemprego destes solicitantes, resultando un empate de 8 empresas e quedando un crédito orzamentario de 5.217,67€ para, segundo as bases, repartir a contía dispoñible proporcionalmente segundo o importe que lles correspondería no caso de que houbera orzamento,..."

Deste xeito á empresa Espinosa y González, CB corresponderíalle unha axuda de 3.000€ segundo a documentación aportada pero, de acordo coa base 1ª no seu apartado 1.5, corresponderlle unha puntuación de baremo de 8 puntos e ao aplicar os criterios de desempate, concedeuse unha axuda por importe de 809,80€.

Por outro lado, non procede a segunda alegación porque na puntuación de baremo avalíouse a situación social dos promotores (muller, maior de 45 anos) segundo a documentación acreditativa presentada e non se otorgou puntuación de baremo respecto ás persoas contratadas ao ter unha xornada laboral inferior a 20 horas semanais, conforme á base 1.5 no criterio de avaliación número 3.

- M^a Elvira Docarme Fernández (expte. 11216/77).

Con data do 29.12.2014 e núm. de rexistro 140157861 M^a Elvira Fernández Docarme co DNI 36079644G como titular da empresa M^a Elvira Fernández Docarme presentou, dentro do prazo establecido ao efecto, recurso de reposición contra o acordo de resolución da Xunta de Goberno Local do 21.11.2014 pola que se lle denegou a axuda á creación de empresas solicitada pola existencia de débedas co concello.

No recurso presentado a representante manifesta a súa disconformidade coa desestimación da súa solicitude e solicita admitir o dito recurso e recoñecer unha axuda económica á creación de empresas baseado nas seguintes alegacións:

- *“... Primero.- La empresa Fernández Docarme, María Elvira cuestiona la legalidad de esta denegación de ayuda municipal a la creación de empresas porque en ningún momento se ha comunicado el origen de dicha deuda, si es que la misma es firme, ya que una deuda puede estar fraccionada o en período voluntario y este Departamento de Empleo no lo ha tenido en cuenta. No se justifica el origen de la deuda con el Concello de Vigo.*
- *Segundo.- Éste departamento de Empleo del Concello de Vigo tampoco ha tenido en cuenta la condición de trabajadora mayor de 45 años que crea su puesto de trabajo, además de su situación socio-laboral es de exclusión social ya que su último contrato se extinguió por causas del Artículo 52 del Estatuto de los Trabajadores. Por último, la empresa Fernández Docarme María Elvira ha contratada trabajadores por cuenta ajena por tiempo superior a un año, personal fijo, desde la constitución de la empresa hasta la actualidad y trabajadores empadronados en el Concello de Vigo.*

Conforme ao recurso plantexado, as Bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas para o ano 2014, establecen:

— Na base 1^a, apartado 1.3. relativo aos requisitos xerais dos/as beneficiarios/as:

- “... 5. Non ter débedas co Concello de Vigo, nin a empresa nin os socios.”.

- “... Na data límite de presentación das solicitudes os beneficiarios deberán cumprir os requisitos 1) e 5) deste apartado”.

Dende a Concellería de Empleo remítese escrito ao departamento de Recaudación-Tesourería no que se solicita para a solicitante, entre outros, un certificado da inexistencia de débedas co Concello de Vigo como dato necesario para a adxudicación desta axuda.

No certificado do departamento de Tesourería-Recaudación de data 17.09.2014, que se achega, figura a solicitante con débedas na Facenda municipal. En aplicación da Lei Orgánica 15/1999, de 11 de xuño, de Protección de Datos de carácter Persoal e do Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros que conteñan datos de carácter persoal (RD. 1720/2007) o/a solicitante

deberá dirixirse ao ente correspondente para coñecer a orixe da débeda e, no seu caso, normalizar a súa situación.

Deste xeito, procedeu denegar a axuda solicitada ao existir débedas co Concello de Vigo e non cumprir co requisito xeral establecido na base 1ª, apartado 1.3., punto 5; así mesmo, segundo a Lei Orgánica de Protección de Datos (LOPD) a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego non é o organismo acreditado para facilitar datos relativos a orixe desta débeda municipal e será o/a solicitante quen de acudir ao ente correspondente para coñecer e regularizar a súa situación coa facenda municipal para optar a esta axuda.

Por outro lado, non procede a segunda alegación ao non cumprir a solicitude cos requisitos xerais antecitados e non precisar de máis trámite.

- Enbase 6.0, SL (expte. 11220/77).

Con data do 29.12.2014 e núm. de rexistro 140157864 Marcos Piñeiro Calvelo co DNI 36125390A como representante da empresa Enbase 6.0, SL presentou, dentro do prazo establecido ao efecto, recurso de reposición contra o acordo de resolución da Xunta de Goberno Local do 21.11.2014 pola que se lle denegou a axuda á creación de empresas solicitada por acadar unha puntuación/baremo insuficiente para o acceso a esta axuda.

No recurso presentado o representante manifesta a súa disconformidade coa desestimación da súa solicitude e solicita recoñecer unha puntuación/baremo superior ao efecto de acceder a unha axuda á creación de empresas 2014 baseado nas seguintes alegacións:

- *“... Primero.- La entidad mercantil Enbase 6.0, S.L. cuestiona la legalidad de esta denegación de ayuda municipal porque no se especifican los puntos obtenidos a los criterios de Evaluación de la ayuda aquí recurrida. Por tanto, se cuestiona la legalidad de dicha puntuación/baremo. No se especifican los puntos obtenidos en los diferentes criterios de evaluación de la orden reguladora de la ayuda municipal.*
- *Segundo.- Éste departamento de Emprego del Concello de Vigo tampoco ha tenido en cuenta la situación social del promotor de la entidad mercantil Enbase 6.0, S.L. Don Marcos Piñeiro Calvelo y demás socios de la entidad mercantil:*
 - ◆ *Primero empleo como trabajador por cuenta propia-autónomos.*
 - ◆ *El promotor y los demás socios de la entidad mercantil Enbase 6.0, S.L. están empadronados en el Concello de Vigo.*
 - ◆ *Tanto el promotor como los socios de la entidad mercantil Enbase 6.0, S.L. Son trabajadores procedentes de una empresa en crisis: Grafinsa, S.A. Esta empresa está liquidada por auto del Juzgado de Lo Mercantil de Vigo (Concurso de Acreedores). Además, los contratos de trabajo del promotor más de los socios de la entidad mercantil Enbase 6.0, S.L. se extinguieron por aplicación del Artículo 64 de la Ley Concursal (Concurso de Acreedores y Expediente de Regulación de Empleo Extintivo) y no se ha percibido indemnización por extinción del contrato de trabajo y está pendiente de percibir cantidades. Tanto la indemnización como las cantidades pendientes fueron reclamadas al Fondo de Garantía Salarial.*
 - ◆ *Los socios de la entidad mercantil Enbase 6.0, S.L. Doña Paula Piñeiro Calvelo y Don Iván Santiago Caride Castro y Don Diego Caride Castro son desempleados de larga duración.*

Por lo anteriormente expuesto, tanto el promotor como los socios de la entidad mercantil Enbase 6.0, S.L. pertenece a un colectivo en riesgo de exclusión social, por las condiciones anteriormente expuestas. Por tanto, y en función de esta razón segunda, la puntuación por situación social del promotor y de los socios de la entidad mercantil Enbase 6.0, S.L. debe ser de 20 puntos y acceder a las ayudas municipales a la creación de empresa.”

- Tercero.- La entidad mercantil Enbase 6.0, S.L. ha presentado ante este Departamento de Empleo facturas y sus justificantes de pago de la base 1º punto 4 de la Orden Reguladora. Además, tampoco se ha percibido ayudas o subvenciones públicas de las distintas administraciones públicas, ya que la subvención de Promoción do Empleo Autónomo de la Xunta de Galicia ha sido denegada por falta de crédito.”

Conforme ao recurso plantexado, as Bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipáis á Creación de Empresas para o ano 2014, establecen:

— Na base 1ª, apartado 1.5. relativa aos Criterios de avaliación:

- “A concesión das axudas graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

1. Emprendedores/as co certificado do Concello de Vigo necesario para a súa cualificación como ILE ante a Xunta de Galicia e/ou que obtiveron a cualificación do Concello de Vigo como PEIM (10 puntos).

Empresas que obtiveron o certificado emitido polo concello de ILE e/ou PEIM	10 puntos
---	-----------

2. Situación social do socios/as promotores/as (ata 20 puntos).

Esta puntuación valorarásena medida na que se demostre que os/as socios/as promotores/as sexan pertencentes aos colectivos com maior dificultade de inserción no mundo laboral:

- Persoas desempregadas de longa duración ⁽¹⁾
- Que sexa o seu primeiro emprego
- Menor de 30 anos
- Maior de 45 anos
- Mulleres
- Discapacitados/as
- Persoas pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social ⁽²⁾
- Persoas que esgotasen a súa prestación de desemprego ou subsidio
- Persoas que formen unha familia monoparental ⁽³⁾
- Persoas que formen unha familia numerosa ⁽⁴⁾

Por cada condición que reúna cada un dos socios/as promotores/as	2 puntos
--	----------

- Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea de tres ou máis meses de duración (ata 10 puntos).

Por cada emprego creado, por conta propia ou allea a tempo completo de duración mínima de 3 meses	2 puntos
---	----------

No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais.

4. Que as persoas, promotoras e contratadas por conta allea, estén empadroadas no Concello de Vigo (ata 20 puntos).

Por cada persoa, promotora ou contratada por conta allea empadroada no Concello de Vigo	2 puntos
---	----------

5. Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (2 puntos).

Emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa	2 puntos
--	----------

- “No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación.

Para isto as solicitudes ordearanse en forma descendente segundo a puntuación obtida trala aplicación dos citados criterios, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto no punto 1.4. destas bases, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

No caso de que dúas ou máis empresas acaden a mesma puntuación e só houbera crédito orzamentario para unha ou algunha delas terase en conta o seguinte criterio de desempate:...”

- Segundo o Acta da Comisión de Valoración e Seguimento do 29.10.2014: *“Logo de examinar as solicitudes recibidas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, baremáronse segundo o apartado 1.5 aquelas que cumpren coa base 1ª, no seu apartado 1.2 Beneficiarios/as e 1.3 Requisitos xerais e coa base 4ª no seu apartado 4.2 Obrigas e como o montante total das solicitudes debidamente presentadas supera o orzamento previsto para tal fin, logo de aplicar os criterios de avaliación, fíxose necesario ordear segundo a puntuación obtida en forma descendente, polo que os importes a subvencionar son os calculados para cada solicitante, segundo o previsto no apartado 1.4 das ditas bases ata esgotar a cantidade máxima autorizada de 150.000€.*

Unha vez calculado o importe total a subvencionar das primeiras 49 solicitudes coa puntuación de baremo máis alta – entre 26 e 9 puntos, amolos dous incluídos -, quedaba un crédito orzamentario de 37.207,11€. Ante a persistencia da igualdade cun empate das 21 empresas que obtiveron 8 puntos na baremación, se procedeu a utilizar o criterio de desempate, regulado nas bases ...”.

Deste xeito á entidade mercantil Enbase 6.0, SL acadou unha puntuación de baremo de 4 puntos segundo os criterios establecidos no base 1ª, no seu apartado 1.5 e en correspondencia coa documentación acreditativa presentada – escritura de constitución da entidade, vida laboral, DNI, alta no IAE e alta na Seguridade social de Marcos Piñeiro Calvelo, etc.- respecto á empresa e aos seus socios-promotores (número de postos de traballo creados e postos de traballo creados para persoas empadroadas no Concello de Vigo). Puntuación que non acadou a puntuación mínima necesaria para a concesión da subvención.

Por outro lado, non procede a segunda alegación porque o promotor que crea o seu posto de traballo non reúne as condicións previstas no criterio relativo á situación social do promotor (non se avaliou a condición de primeiro emprego tendo en conta a súa experiencia laboral segundo consta na súa vida laboral) e, non presenta documento acreditativo da condición de persoa en

risco de exclusión social. Ademáis, a súa pertenza a unha empresa en crisis e a causa do seu despido non son criterios obxecto de avaliación, así como non procede avaliar ao resto dos socios promotores para os que non consta documentación acreditativa da súa condición como traballadores da entidade mercantil Enbase 6.0, SL.

Respecto á terceira alegación a entidade mercantil Enbase 6.0, SL presentou a documentación requirida necesaria pero non se concedeu a axuda solicitada polos motivos xa indicados (non acadar a puntuación de baremo necesaria para a concesión da axuda).

Polo anteriormente exposto, propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición presentado por Víctor Manuel Pérez González co DNI 36050160Y (expte. 11214/77), por canto non procede o obxecto do recurso (recoñecer unha puntuación de baremo superior e acceder a unha axuda económica á creación de empresas 2014) segundo ás bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas para o ano 2014.

SEGUNDO.- Desestimar o recurso de reposición presentado por Alejandra Nieto Bahamonde co DNI 36096221K como representante da empresa Espinosa y González, CB (expte. 11215/77), por canto non procede o obxecto do recurso (incremento da contía a conceder e incremento da puntuación do baremo) segundo ás bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas para o ano 2014.

TERCEIRO.- Desestimar o recurso de reposición presentado por M^a Elvira Fernández Docarme co DNI 36079644G (expte. 11216/77), por canto non procede o obxecto do recurso (recoñecer unha axuda económica á creación de empresas 2014) segundo ás bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas para o ano 2014.

CUARTO.- Desestimar o recurso de reposición presentado por Marcos Piñeiro Calvelo co DNI 36125390A (expte. 11220/77), por canto non procede o obxecto do recurso (recoñecer unha puntuación de baremo superior e acceder a unha axuda económica á creación de empresas 2014) segundo ás bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas para o ano 2014.

QUINTO.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(111).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSOS CONTRA RESOLUCIÓN DE OUTORGAMENTO DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCEDADE VIGUESA. ANO 2014. EXPTE. 11454/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28.01.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 23.01.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 15.12.2014, acordou:

PRIMEIRO: Propoñer a concesión, por un importe de 28410,00€ con cargo a aplicación orzamentaria 2410.470.00.00 "Plan de emprego xuvenil" das axudas seguintes:

NÚM. EXP-TE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	PROGRAMA-SOLICITADO	IMPORTE EN EUROS
11377/77	LA PEZERA DE VIGO, SL	B27760859	ITIVI	2.500,00 €
11378/77	Mª DOLORES FRANCOS GONZÁLEZ	76416666V	ITIVI	1.250,00 €
11381/77	PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA, SA	A36602837	ITIVI	24660,00 €

SEGUNDO: Propoñer a denegación, por non cumprir os requisitos ou por non achegar a documentación requirida, das solicitudes seguintes:

NÚM. EXPTE.	NOME E APELIDOS	DNI/CIF	PROGRAMA SOLICITADO	MOTIVO DENEGACIÓN
11376/77	Mª PILAR SÍO REY	36008375N	ICV	Incumprimento da Base 1ª, apdo. 1.5.3 (1)
11379/77	Mª JESÚS LOUREIRO VARELA	36162381X	ICV	Incumprimento da Base 1ª, apdo. 1.5.2 e da Base 4ª, apdo. 4.1 (2)
11380/77	DANIEL VALDÉS VILCHES	25102711M	ITIVI	Incumprimento da Base 1ª, apdo. 1.5.3 (1)

(1) Base 1ª, apdo. 1.5.3: "Non ter débedas co Concello de Vigo. No caso contrario procederáse do mesmo xeito que no apartado 1.5.2."

(2) Base 1ª, apdo. 1.5.2: "Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social..."

Base 4ª, apdo. 4.1.: "... Se a solicitude non estivera debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta base 4ª, seralle requirida á persoa solicitante para que, nun prazo de 10 días naturais, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, en caso de non facelo, se terá por desistido, arquivándose previa resolución segundo ao establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común."

Conforme ás Bases reguladoras e convocatoria das Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa, e segundo á base 5ª relativa á "Concesión das axudas e tramitación do pagamento", publicouse no Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo e na páxina web www.vigo.org do concello, con data do 16.12.2014, a resolución relativa ao outorgamento destas axudas.

Con data do 30.12.2014 e número de rexistro 140158796 María del Pilar Sío Rey co DNI 36008375N como titular da empresa do mesmo nome (expte. 11376/77) presentou, dentro do prazo establecido, un recurso de reposición contra o acordo de resolución adoptado na sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 15.12.2014 polo que se lle denegou a axuda solicitada por incumprimento da base 1ª, apartado 1.5.3 das Bases reguladoras e convocatoria das Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa.

No recurso presentado a empresaria manifesta a súa disconformidade coa desestimación da súa solicitude y solicita a concesión do expediente de subvención, baseado nos seguintes motivos:

“... La exponente en el momento de la resolución, se encontraba al corriente con el Concello de Vigo, ya que tenía pendiente de abono un recibo de basura que se procedió a su bono y la expedición del correspondiente certificado de estar al corriente y que figura aportado al expediente, sin requerimiento previo y con anterioridad a la fecha de resolución del expediente.”

Por ello, en el momento de resolución del expediente, no existían deudas y por lo tanto se cumple perfectamente con lo estipulado en la base 1ª, apdo 1.5.3...”

Conforme ao recurso presentado, as Bases reguladoras e convocatoria das Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa establecen na base 1ª relativa ás obrigas do/a beneficiario/a, no apartado 1.5.3 *“Non ter débedas co Concello de Vigo. No caso contrario procederáse do mesmo xeito que no apartado 1.5.2.”* e o apartado 1.5.2 sinala *“Acreditar, no momento de solicitude da axuda, que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.*

Non procederá o pago da subvención en tanto o beneficiario non acredite estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.”

No documento 140122232 contido no expediente 11376/77 a solicitante presenta os certificados acreditativos da inexistencia de débedas coa Consellaría de Economía e Facenda, coa AEAT e coa Seguridade Social.

Dende a Concellería de Emprego con data do 28.10.2014 remítese escrito ao departamento de Recaudación-Tesourería no que se solicita para a solicitante, entre outros, un certificado da inexistencia de débedas co Concello de Vigo como dato necesario para a adxudicación desta axuda (tal e como consta no documento que se achega).

No certificado do departamento de Recaudación de data 28.11.2014, que se achega, non figura a solicitante como consecuencia da existencia de débedas co concello.

Deste xeito, procedeu denegar a axuda solicitada ao existir débedas co Concello de Vigo no momento da solicitude da axuda, segundo a base 1ª, apartado 1.5.2 e apartado 1.5.3 antecitados; aínda que ao informar á solicitante deste incumprimento procedeu ao pagamento da débeda e o departamento de Recaudación emitiu un certificado de inexistencia de débedas con data do 01.12.2014 que é posterior ao momento da solicitude da axuda segundo se require.

Por outro lado, cabe facer constar que segundo a Lei Orgánica de Protección de Datos (LOPD) a Concelleira de Desenvolvemento Local e Emprego non é o organismo acreditado para facilitar datos relativos a orixe desta débeda municipal e será á solicitante quén de acudir ao ente correspondente para coñecer e regularizar a súa situación coa facenda municipal para optar a esta axuda.

Polo anteriormente exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición presentado por María del Pilar Sío Rey co DNI 36008375N (expte. 11376/77), por canto non procede o obxecto do recurso (concesión da axuda solicitada ao non existir incumprimento da base 1ª, apdo. 1.5.3) segundo ás Bases reguladoras e convocatoria das Axudas á contratación e mellora de emprego da mocidade viguesa.

SEGUNDO.- Contra a presente resolución poderás interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(112).- SELECCIÓN DE PERSOAL TRABALLADOR BENEFICIARIO DO PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL VIGO EMPREGA, 2ª CONVOCATORIA 2015. EXPTE. 11569/77.

Examinadas as actuacións do expediente visto o informe de fiscalización do 27.01.15, o informe xurídico do 4.02.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 23.01.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

A concellaría de Emprego, ven promovendo o emprego no municipio, a través de distintos programas de inserción e busca de emprego. Prestando especial atención aos colectivos que teñen maiores dificultades para integrarse laboralmente. Tratando de incidir directamente na creación e mellora dos instrumentos de intervención implementados por esta concellaría, entre os que destacamos: as accións de mellora da empregabilidade; mellora a calidade do emprego; promoción dunha maior seguridade no traballo e redución da siniestralidade; fomento do emprendemento, a economía social e a mellora das relacións laborais.

Neste contexto, o Concello de Vigo, continuará no marco do Plan Municipal de Emprego co Programa VIGO EMPREGA, enmarcado nos orzamentos municipais, que permitirá a adquisición de experiencia profesional e formación, de numerosas persoas desempregadas que precisan nestes momentos, unha axuda para reintegrarse ao mercado laboral, no ámbito da construción e máis concretamente, en actuacións que teñen que ver coa realización de obra pública.

Esta concellaría continuará coa mellora dos aspectos deficitarios detectados en anos anteriores, á vez que racionalizar os seus procedementos e mecanismos de acceso. Este programa está baseado na realización de obras e servizos de interese municipal a través da contratación de persoas desempregadas de Vigo con maior necesidade social. As persoas candidatas prioritariamente pertencen á colectivos con maiores dificultades de inserción sociolaboral.

Para esta nova convocatoria mantense o procedemento de selección da anterior convocatoria, as persoas candidatas a ser seleccionadas serán solicitados as oficinas de Servicio Público de Galicia en Vigo, para que realicen un sondeo e faciliten os candidatos a seleccionar.

As bases de convocatoria que regularán o procedemento de selección para o ano 2015 son as aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 17 de decembro de 2014 EXPTE. 11357/77 .

- No Apartado 3 das BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA "VIGO EMPREGA" establece:

- “Os postos de traballo a convocar no Programa VIGO EMPREGA, son os de: peóns, oficiais e capataces, todos eles/as, beneficiarios/as”.
- “O número de postos a seleccionar determinarase nos seguintes apartados desta proposta e concretaranse no momento da publicación da convocatoria de contratación, unha vez fiscalizadas e feita a correspondente e previa consignación por Intervención e aprobadas pola Xunta de Goberno Local. Os postos de traballo a convocar no Programa na segunda quenda para 2015, son :

Capataz construción	Oficial mecánica do automóbil
Oficial albanelería	Oficial xardinería-forestal
Oficial condutor	Peóns construción
Oficial fontanería	Peóns Xardinería- Forestal

- Coas seguintes características:

4.1- Duración.-

A duración determinada inicial estímase como máximo seis meses e coincidirá coa duración total do programa temporal de emprego de interese social VIGO EMPREGA, na convocatoria correspondente, coas limitacións que se establecen no propio programa de emprego, e en todo caso, as limitacións legais establecidas no art. 15.5, do E.T., modificado pola Lei 4312006, (disposición adicional cuarta do RD 512006, máximo 24 meses nun período de 30, sexa ou non o mesmo contrato e para o mesmo posto de traballo).

As persoas traballadoras seleccionadas ao abeiro deste programa temporal, deben cesar en canto remate a devandita convocatoria do programa VIGO EMPREGA, debendo figurar esta cláusula no apartado correspondente (fin do contrato), do modelo do contrato a formalizar polas persoas beneficiarias seleccionadas.

Establécese un período de proba para as persoas contratadas de 1 mes de duración.

4.2.-Modalidade.-

Estímase oportuna a modalidade de contrato de duración determinada de interese social, a xornada completa, cos dereitos e obrigas que leva implícito, en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría do posto a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, o que considere oportuno a Xefatura do Servizo de Recursos Humanos en base á lexislación vixente así coma o contido dos informes xurídicos da dita xefatura mailo do Interventor Xeral.

Asimesmo, en calquera caso deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do programa de emprego de interese social VIGO EMPREGA para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

4.3.- Retribucións.-

As retribucións serán as establecidas no "Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións", que se atope en vigor no momento da contratación.

4.4.- En todo caso, a formalización, modalidade, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente ás persoas aspirantes seleccionadas, estarán suxeitos, aos informes xurídicos da Xefatura de Servizo de Recursos Humanos, do Interventor Xeral,

ás limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 4312006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006, (disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), que fixa como máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo posto de traballo, sexa ou non o mesmo contrato, co informe previo á contratación de dito cumprimento, emitido pola xefatura do servizo que corresponda, así coma ao disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, ao Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia e demais lexislación de aplicación, circunstancia da cal se informa ás persoas aspirantes.

Conforme establecen as bases de selección, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, determinará e aprobará na convocatoria de selección de beneficiarios/as:

1. Relación de obras a desenvolver polo persoal traballador do programa VIGO EMPREGA 2ª quenda:

a) Vías e Obras:

- Construción de beirarrúas ou canalizacións en diferentes estradas e rúas da cidade.*

b) Patrimonio Histórico:

- Obras de mellora e consolidación de elementos patrimoniais da cidade.*

c) Educación:

- Actuacións de mellora e reforma de baños e vestiarios de diferentes centros escolares do municipio.*

e) Limpeza:

- Acondicionamento de cunetas, muros e valados nos viais e camiños en diferentes parroquias de Vigo*

f) Parques e Xardíns:

- Novas praderías de céspede, resementeira das existentes e prantación zonas arbustivas, vivaceas e novo arbolado nos parques do Castro e Castrelos.*
- Creación de novos xardíns en beirarrúas e espazos públicos da cidade.*

g) Vigo Zoo:

- Reforma e acondicionamento de espazos interiores e exteriores en instalacións para animais.*
- Reforma e acondicionamento de locais para uso do persoal traballador.*

i) Parque Central de Servizos:

- Acondicionamento e mellora de locais no Parque Central de Servizos.*
- Mantemento e arranxo de vehículos do programa.*

j) Emprego e Participación Cidadá.

- Acondicionamento e reforma de locais municipais da cidade.*

2. Convocatoria dos seguintes postos a contratar para o desenvolvemento do programa VIGO EMPREGA no 2015 2ª quenda.

a) Peóns beneficiarios/as :

- 1. Peóns de Construción. nº de postos a contratar: vinte e cinco (25).*
- 2. Peóns de xardinería-forestal. nº de postos a contratar: vinte e tres (23)*

b) Oficiais de oficios beneficiarios/as:

- 1. Albaneis - nº de postos a contratar: oito(8).*
- 2. Condutores - nº de postos a contratar: cinco (5).*
- 3. Xardineiros/as forestais - nº de postos a contratar: oito(8).*

4. Fontaneiro -nº de postos a contratar: un (1)
 5. Mecánico do automóvil: nº de postos a contratar:un (1)
- c) Capataces construción beneficiarios/as:– nº de postos a contratar: tres (3).

3. Selección dos beneficiarios/as.

O Concello de Vigo, solicitará as/os traballadores que correspondan, dacordo coas características recollidas nas bases mediante a presentación de Oferta de Emprego, facendo referencia as características que deben reunir os/as traballadores/as que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados. As Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo serán as encargadas de enviar as persoas candidatas solicitadas.

Todos os colectivos recollidos nas bases de convocatoria están a ser nestes momentos, obxectivos prioritarios das medidas activas de emprego promovidas dende este Concello, por iso acordase manter as porcentaxes para a contratación das persoas beneficiarias establecidas nas bases de selección de candidatos ao programa "Vigo Emprega".

Realizarase posteriormente a comprobación do cumprimento de requisitos imprescindibles e baremación das persoas candidatas ao proceso de selección, para finalmente proceder a realización de entrevistas e proba práctica.

Baremación dos expedientes persoais / profesionais (Capataces e oficiais).

Entrevista persoal (máximo 2 puntos)

- Realizáraselles ás persoas candidatas, valoraranse os aspectos ocupacionais de adecuación ao programa.
- Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ó resto das puntuacións acadadas, sempre que a persoa candidata obteña a calificación de "apto/a". Consideraranse "non apta" as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto. Sen esta calificación de "apto" na entrevista, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.

Proba práctica (máximo 4 puntos).

So accederán a esta fase, as persoas candidatas que teñan superado a fase de entrevista.

A Comisión de Selección propondrá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas do posto ofertado. No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarse "Non Apto" e quedará excluída do proceso de selección.

Os custes totais estimados das retribucións do persoal son os reflectidos na seguinte táboa, segundo o establecido no Acordo Marco prorrogado de regulación das condicións sociolaborais das contratacións no marco do PME 2008-2011, na modalidade de beneficiarios para os/as capataces, oficiais de oficios e peóns.

Posto	Categoría	Salario mes	Prorrateo pagas extras	Importe bruto mes	Base de cotización	CNAE/Cód. Ocup.	%cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Custe postos/mes	ANO 2015
3	Capataz- construcción	745,24	124,21	869,45	869,45	84/d	38,10	331,26	1.200,71	3.602,13	21.612,76 €
8	Oficial albanel	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	38,10	323,95	1.174,22	9.393,72	56.362,32 €
1	Of. fontaneiro	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	38,10	323,95	1.174,22	1.174,22	7.045,29 €
1	Of. mecánica automoción	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	38,10	323,95	1.174,22	1.174,22	7.045,29 €
8	Of. xardinaria	728,80	121,47	850,26	850,26	84/g	35,00	297,59	1.147,86	9.182,85	55.097,13 €
5	Of. conducción	728,80	121,47	850,26	850,26	84/f	38,10	323,95	1.174,22	5.871,08	35.226,45 €
23	Peón xardinaria-forestal	694,10	115,68	809,79	809,79	84/d	38,10	308,53	1.118,31	25.721,22	154.327,33 €
25	Peón construcción	694,10	115,68	809,79	809,79	84/d	38,10	308,53	1.118,31	27.957,85	167.747,10 €
74								5.679,19	18.675,77	84.077,28	504.463,68 €

O prazo previsto de contratación será a partir do 15 de marzo de 2015, polo que o custo total de 504.463,68 € para o ano 2015, dende o 15 de marzo ata o 14 de setembro de 2015. Estes custes aplicaríanse ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2015:

- 2410 1310000 "Plan de Emprego Municipal:
 - Orzamento 2015 363.213,85 €
- 2410 16000001 "Seguridade Social Emprego:
 - Orzamento 2015 141.249,84 €

◦ Polo anteriormente exposto e tendo en conta a necesidade de realizar a convocatoria de contratación de peóns, oficiais e capataces beneficiarios/as, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar a convocatoria de contratación dos seguintes postos para o programa de inserción laboral "VIGO EMPREGA 2015" 2ªQuenda:

a) Peóns beneficiarios/as :

- a) Peóns de Construción. nº de postos a contratar: vinte e seis (25).
- b) Peóns de xardinaría-forestal. nº de postos a contratar: vinte e cinco (23)

b) Oficiais de oficios beneficiarios/as:

- a) Albaneis - nº de postos a contratar: oito (8).
- b) Condutores - nº de postos a contratar: cinco (5).
- c) Xardineiros/as forestais - nº de postos a contratar: oito(8).
- d) Fontaneiro -nº de postos a contratar: un (1)
- e) Mecánico do automóvil: nº de postos a contratar:un (1)

b) Capataces construción beneficiarios/as:– nº de postos a contratar: tres (3).

2. Establecer os puntos das Bases de Selección das persoas candidatas:

- Punto 8 en canto a distribución dos postos de peón a contratar que permita cando menos a presenza de:

COLECTIVOS	Nº
3% persoas con discapacidade que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo	2
30% menores de 30 anos dos que ao menos o 50% en busca 1º emprego.	14

30% mulleres.	14
19% persoas maiores de 45 anos.	9
18% persoas paradas de longa duración.	9
TOTAL PEÓNS	48

- *Persoas candidatas a peón que non perciban ningunha renda ou subsidio de desemprego, 1 punto. Persoas candidatas a Oficial ou capataz que non perciban ningunha renda 0,5 puntos.*
3. *Realizar a solicitude de persoas candidatas as Oficinas do Servicio Público de Emprego, segundo os criterios de valoración establecidos nas bases de selección, para os distintos postos para pasar ao procedemento de selección:
Peóns: Comprobación do cumprimento dos requisitos imprescindibles establecidos no punto 6 das bases de selección.
Oficiais e capataces: Valoración dos candidatos segundo criterios de experiencia laboral formación e outros meritos, directamente relacionados coa actividade a desenvolver.*
 4. *Autorizar a realización de entrevista e proba práctica relacionada co oficio e posto aos capataces, oficiais e peóns beneficiarios/as.*
 5. *Aprobar a relación de obras a desenvolver dentro do programa, que deseguido se relacionan:*
 - a) *Vías e Obras:*
 - *Construción de beirarrúas ou canalizacións en diferentes estradas e rúas da cidade.*
 - b) *Patrimonio Histórico:*
 - *Obras de mellora e consolidación de elementos patrimoniais da cidade.*
 - c) *Educación:*
 - *Actuacións de mellora e reforma de baños e vestiarios de diferentes centros escolares do municipio.*
 - e) *Limpeza:*
 - *Acondicionamento de cunetas, muros e valados nos viais e camiños en diferentes parroquias de Vigo*
 - f) *Parques e Xardíns:*
 - *Novas praderías de céspede, resemteira das existentes e prantación zonas arbustivas, vivaceas e novo arbolado nos parques do Castro e Castrelos.*
 - *Creación de novos xardíns en beirarrúas e espazos públicos da cidade.*
 - g) *Vigo Zoo:*
 - *Reforma e acondicionamento de espazos interiores e exteriores en instalacións para animais.*
 - *Reforma e acondicionamento de locais para uso do persoal traballador.*
 - i) *Parque Central de Servizos:*
 - *Acondicionamento e mellora de locais no Parque Central de Servizos.*
 - *Mantemento e arranxo de vehículos do programa.*
 - j) *Emprego e Participación Cidadá.*
 - *Acondicionamento e reforma de locais municipais da cidade.*
 6. *Aprobar o gasto total de 504.463,68 €, do vixente orzamento municipal correspondente ao ano 2015 na súa 2ª Quenda:*

- 2410 1310000 "Plan de Empleo Municipal:
 - Orzamento 2015 363.213,85 €
- 2410 16000001 "Seguridade Social Empleo:
 - Orzamento 2015 141.249,84 €.

7. Delegar no concelleiro de Empleo, Participación Cidadá e Voluntariado o nomeamento dos membros da Comisión de Selección nas categorías profesionais de capataces, oficiais de oficios e peóns.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(113).- AUTORIZACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O PROXECTO "OBRADOIRO DE EMPREGO VIGO CAPACITA II". EXPTE. 11587/77.

Examinadas as actuacións do expediente visto o informe de fiscalización do 30.01.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Empleo, do 28.01.15, conformado polo concelleiro de Empleo, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

Mediante o programa público de escolas obradoiro e casas de oficios acométese a problemática do paro nas persoas maiores de 18 anos. A Concellaría de Empleo, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, consciente de que pola súa dimensión pode soportar un maior número de proxectos destas características, quere promover, na liña dos proxectos promovidos ata hoxe (escolas obradoiro "Patrimonio histórico", "Lagares", "Forestal", "Xardín Histórico de Castrelos", "Mar de Vigo" -I, II,III e IV- , Escola Obradoiro "Vigozoo" -I, obradoiro de emprego "Vigozoo" -I, II e III-, obradoiro de emprego "Vigo Atende", obradoiro de emprego "Vigo Capacita") un novo proxecto o Obradoiro de Empleo "VIGO CAPACITA II", propoñendo ao mesmo tempo o mantemento das especialidades de Cociña e Restaurante-bar, pola demanda existente destas profesions na actualidade, tanto para atender ás necesidades da poboación como a propia demanda empresarial.

As previsións de xeración de emprego nos sectores relacionados cos servizos de restauración levaron a este Servizo de Desenvolvemento Local e Empleo do Concello de Vigo, a redactar o presente proxecto "Obradoiro de Empleo Vigo Capacita II" e a tramitar a súa correspondente aprobación polos órganos municipais competentes.

O proxecto consiste nun obradoiro de emprego de 30 alumnos/as repartidos/as nas especialidades de "Cociña" e "Hostelería: Restaurante e Bar". Os obxectivos que se pretenden coa posta en marcha deste proxecto son varios e moi interesantes, tal e como se recolle no proxecto que se inclúe no expediente, pero pódense concretar en:

- *Promover entre os/as alumnos/as o coñecemento da seguridade e hixiene e protección ambiental no sector da hostalería.*
- *Coñecer os métodos de preelaboración e conservación de alimentos.*
- *Divulgar as diversas Técnicas culinarias existentes.*
- *Servizo en restaurante.*

En resumo o obxectivo final é formar e cualificar aos/as alumnos/as para acadar a máxima inserción laboral dos/as mesmos/as no sector no que queren traballar e, ao mesmo tempo que se realicen servizos de índole social.

A duración do “Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA II” está establecida en 6 meses e a data prevista de inicio é o 1 de setembro do presente ano. Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do CVC de Valadares, que están adecuadamente adaptadas ás necesidades do obradoiro.

A subvención económica solicitada á Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia é de 267.195,61 €, resultante dos cálculos efectuados seguindo as directrices establecidas na ORDE do 30 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, e que permitirán soportar os custos salariais de todas as contratacións a realizar, así como os gastos de medios didácticos e materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

Non é necesaria aportación municipal para facer fronte aos investimentos non imputables á subvención da Consellaría de Traballo e Benestar (mobiliario, maquinaria e equipos), xa que os mesmos se atopan nas instalacións nos que se pretende desenvolver o obradoiro de emprego (Centro Cultural de Valadares) e, o financiamento dos materiais necesarios para o desenvolvemento das obras a realizar, no caso das especialidades de cociña e hostelería están relacionados coa compra de alimentos para a elaboración de menú e posterior servizo no comedor social da Asociación “Sal de la Tierra”, dirixido a persoas con risco de exclusión social, a realización de xornadas de almozos saudables, destinados a persoas maiores e nenos en idade escolar en colaboración coas asociacións de maiores e escolas públicas, e que pretenden mellorar os coñecementos alimentarios da cidadanía viguesa cara a unha mellora da saúde.

Estímase a aportación municipal en 33.169,73€, e deberá ser incluída nas correspondentes partidas municipais dos anos 2015 e 2016 dos orzamentos municipais, xa que a obra se iniciaría, de ser aprobado o proxecto pola Xunta de Galicia nos termos nos que se presenta esta proposta, no mes de setembro de 2015, polo que os importes da cofinanciación a realizar polo Concello de Vigo serán os seguintes:

<u>Partida</u>	<u>2014</u>	<u>2015</u>
2410 2279910 Convenios Plan de Emprego Municipal	22.113,17	11.056,56

Conforme establece a Orde da convocatoria, a presentación desta solicitude non leva implicitamente a aceptación da mesma, a espera da resolución definitiva polo órgano competente, polo que salvo mellor criterio a presentación da solicitude que non a súa aceptación no caso de obter resolución favorable da mesma por parte da administración convocante, non entra en contradición co establecido na “Ley 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local”, no seu artigo 27 e concordantes, con relación á delegación de competencias en materia de Emprego cara a mellorar a eficiencia da xestión pública, contribuir a eliminar duplicidades administrativas e ser conforme coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Por todo o anteriormente exposto, e de acordo co proxecto que se inclúe no expediente, PROPONSE á Xunta de Goberno Local que adopte os seguintes acordos:

- Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego Vigo Capacita II”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

- *Solicitar á Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na "RDE do 30 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para 2015".*
- *Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podían corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2015 e 2016, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.*
- *Delegar no Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego "Vigo Capacita II".*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(114).- REVISIÓN DE PREZOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE VIGO. EXPTE. 11739/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.01.15, o informe xurídico do 4.02.15, e de acordo co informe-proposta do técnico superior de Educación do 21.01.15, conformado pola concelleira de Educación e pola concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes

O 11/10/2010 a Xunta de Goberno Local adxudica a Dobre O SL o procedemento aberto para a contratación dos servizos docentes e complementarios de administración, conserxería e funcionamento da escola municipal de Música de Vigo (expte 11739-332) por un prezo total de 810.702 euros (405.351,00 euros/ano). No PCAP fíxase unha duración do contrato de dous anos e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de dous anos. O 01/10/2012 a XGL aproba a primeira prórroga (01/11/2012-31/10/2013) e o 02/08/2013 aproba a segunda (01/11/2013-31/10/2014).

Dobre O SL renuncia a percibir, durante o periodo novembro 2011-outubro 2012, as cantidades que resulten da correspondente revisión de prezos.

Con data 10/05/2013 a XGL aproba a cesión do presente contrato á empresa Esmuvigo Sociedade Cooperativa galega, quedando ésta subrogada en todos os dereitos e obrigas que correspondían a Dobre O SL.

O 26/06/2013 a oficina municipal de Contratación comunica ao servizo de Educación que a seguinte revisión de prezos, como sempre solicitada polo servizo xestor ao departamento municipal de Contratación, deberá ser a partir desta data realizada polo propio servizo, devolvendo o correspondente expediente.

Durante este periodo de tempo, seguindo instrucións dos diferentes concelleiros/as delegados da área de Educación, posponse a tramitación dos expedientes de revisión de prezos correspondentes.

Na tramitación deste expediente no mes de decembro de 2014, a Intervención municipal informa da inexistencia de fondos na partida correspondente, así como na súa bolsa de vinculación, polo que o expediente foi devolto ao servizo xestor.

Tras estas consideracións, que dan conta da complexidade que concorre neste expediente, e tras as conversas mantidas coa Intervención municipal, infórmase do seguinte:

A primeira revisión de prezos, polo periodo 10/2010-10/2011, para aplicar no periodo 11/2011-10/2012, recollerá a variación do 85% do IPC do periodo 10/2010-10/2011 (segundo INE, IPC periodo 3%; 85%=2,55%), que aplicado ao prezo do contrato ascende a 415.687,45 euros/ano (IPC: 10.336,45€/ano).

A segunda revisión de prezos, polo periodo 10/2011-10/2012, para aplicar no periodo 11/2012-10/2013, recollerá a variación do 85% do IPC do periodo 10/2011-10/2012 (segundo INE, IPC periodo 3,5%; 85%=2,98%), que aplicado ao prezo do contrato ascende a 428.074,93 euros/ano (IPC: 12.387,49€/ano).

A terceira revisión de prezos, polo periodo 10/2012-10/2013, para aplicar no periodo 11/2013-10/2014, recollerá a variación do 85% do IPC do periodo 10/2012-10/2013 (segundo INE, IPC periodo -0,1%; 85%=-0,09%), que aplicado ao prezo do contrato ascende a 427.689,66 euros/ano (IPC: -385,27€/ano).

En consecuencia do anteriormente exposto, existen atrasos a favor da empresa adjudicataria nos seguintes importes:

EMMV (Expte 11739/332)

Periodo	01/11/11-31/10/12	01/11/12-31/10/13	01/11/13-31/10/14
1ª revisión	renuncia	10.336,45	10.336,45
2ª revisión		12.387,49	12.387,49
3ª revisión			- 385,27
Subtotal		22.723,94	22.338,67
Total atrasos		45.062,61 euros	

Para poder afrontar o gasto indicado e conforme ás instrucións da concelleira de Educación, detraeráse esta obriga económica da partida 3230.2279902 (Escola municipal de música) e bolsa de vinculación, tendo en conta que a partida 3230.227 99 05 (Escola infantil de Navia) non se aplicará na súa totalidade xa que, debido á demora no remate das obras e na correspondente autorización expresa da Xunta de Galicia, non está previsto o inicio inmediato da actividade da citada escola infantil, polo que non afectará ao normal desenvolvemento do Servizo.

Á vista das anteriores consideracións, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a primeira revisión de prezos do contrato da xestión da escola municipal de música de Vigo (EMMV) polo periodo de revisión 10/2010-10/2011, para aplicar no periodo de facturación 11/2011-10/2012, quedando o importe do contrato para ese periodo en 415.687,45€/ano.

2º.- Aceptar a renuncia expresa do adjudicatario a percibir a cantidade resultante da primeira revisión no periodo 01/11/2011-31/10/2012.

3º.- Aprobar a segunda revisión de prezos do contrato da xestión da EMMV polo periodo de revisión 10/2011-10/2012, para aplicar no periodo de facturación 11/2012-10/2013, quedando o importe do contrato para ese periodo en 428.074,93€/ano.

4º.- Aprobar a terceira revisión de prezos do contrato da xestión da EMMV polo periodo de revisión 10/2012-10/2013, para aplicar no periodo de facturación 11/2013-10/2014, quedando o importe do contrato para ese periodo en 427.689,66€/ano.

5º.- Recoñecer en concepto de atrasos, pola primeira, segunda e terceira revisión de prezos, polo periodo comprendido entre o 01/11/2011 e o 31/10/2014 os seguintes importes:

Periodo	01/11/11-31/10/12	01/11/12-31/10/13	01/11/13-31/10/14
1ª revisión	renuncia	10.336,45	10.336,45
2ª revisión		12.387,49	12.387,49
3ª revisión			- 385,27
Subtotal		22.723,94	22.338,67
Total atrasos	45.062,61 euros		

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(115).- PRÓRROGA CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓNS DE FORMIGÓN, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN E FERRETERÍA PARA O TALLER DE FOMENTO. EXPTE. 65970/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.01.15, dáse conta do do informe proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 19.01.15, conformado polo xefe da Área de Fomento, o asesor xurídico da Área de Fomento e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 22 de marzo de 2013, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (CIF B-36741379) os lotes 1 (formigóns), 2 (áridos), 3 (materiais de construción), e 4 (materiais de ferretería) do procedemento aberto para a contratación da subministración de formigón, áridos, materiais de construción, e materiais de ferretería (expediente nº 65970-250) e unhas baixas porcentual únicas respecto dos prezos unitarios definidos no prego de prescricións técnicas particulares do 9% para o lote 1, 6% para o lote 2, 1% para o lote 3; e 1% para o lote 4.”

Os importes, IVA incluído, que figuran no acordo de Xunta de Goberno Local de 24 de maio de 2013 de “corrección de erros no acordo de Xunta de Goberno Local do 22 de marzo de 2013 de adxudicación da contratación da subministración de formigóns, áridos, materiais de construción e materiais de ferretería par o Taller de fomento do Concello de Vigo”, son os seguintes:

Lote 1, formigóns	290.000 €
Lote 2, áridos	160.000 €
Lote 3, materias de construción	360.000 €

Lote 4, materiais de ferretería 90.000 €

O contrato firmado o 22 de abril de 2013 tiña unha vixencia de dous anos. As cantidades antes citadas foron obxecto dun reaxuste de anualidades inicialmente previstas, co seguinte resultado:

Lote 1: subministro de formigón:

Anualidades	Importe con IVE
2013	100.000,00 €.
2014	145.000,00 €.
2015	45.000,00 €.
Total	290.000,00 €.

Lote 2: subministro de áridos:

Anualidades	Importe con IVE
2013	55.000,00 €.
2014	80.000,00 €.
2015	25.000,00 €.
Total	160.000,00 €.

Lote 3: subministro materiais construción:

Anualidades	Importe con IVE
2013	120.000,00 €.
2014	180.000,00 €.
2015	60.000,00 €.
Total	360.000,00 €.

Lote 4: subministro materiais ferretería:

Anualidades	Importe con IVE
2013	30.000,00 €.
2014	45.000,00 €.
2015	15.000,00 €.
Total	90.000,00 €.

O Prego de Condicións Administrativas Particulares, na súa cláusula 7, contempla que o contrato poderá ser obxecto de prórroga se así se prevé e polo período que se estableza no apartado 4.c das FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e que o contratista non se opoña á mesma cunha antelación de 6 meses á data de vencemento do contrato ou calquera das súas prórrogas.

O apartado 4.c das FEC establece, neste caso, a posibilidade dunha “prórroga do contrato e, en caso afirmativo, duración de dúas anualidades”.

A empresa TRANSPORTES PABLO VAL S.L, adxudicataria do contrato, presta a súa conformidade á prórroga do mesmo no escrito que presentou no Rexistro do Concello con data 24 de outubro de 2014, nos termos establecidos nos pregos que serviron de base para a contratación e nos do propio contrato asinado o 22 de abril de 2013.

A prórroga será de dúas anualidade a contar dende o 22 de abril do presente ano 2015, segundo o apartado 2.c das FEC, polos lotes 1 (formigóns), 2 (áridos), 3 (materiais de construción), e 4 (materiais de ferretería) e por uns prezos totais respectivos de 290.000 euros/ano, 160.000 euros/ano, 360.000 euros/ano; e 90.000 euros/ano e unhas baixas porcentual únicas respecto dos prezos unitarios definidos no prego de prescricións técnicas particulares do 9% para o lote 1, 6% para o lote 2, 1% para o lote 3; e 1% para o lote 4, sen prexuízo das revisión dos mesmos establecida no contrato.

O desglose das anualidades da prórroga será o seguinte:

Lote 1: subministro de formigón:

Anualidades	Importe con IVE
2015	100.000,00 €.
2016	145.000,00 €.
2017	45.000,00 €.
Total	290.000,00 €.

Lote 2: subministro de áridos:

Anualidades	Importe con IVE
2015	55.000,00 €.
2016	80.000,00 €.
2017	25.000,00 €.
Total	160.000,00 €.

Lote 3: subministro materiais construción:

Anualidades	Importe con IVE
2015	120.000,00 €.

2016	180.000,00 €.
2017	60.000,00 €.
Total	360.000,00 €.

Lote 4: subministro materiais ferretería:

Anualidades	Importe con IVE
2015	30.000,00 €.
2016	45.000,00 €.
2017	15.000,00 €.
Total	90.000,00 €.

A Xunta de Goberno Local, con data 17 de outubro de 2014, acordou aprobar

“a revisión de prezos do contrato para subministro de formigón, áridos, materiais de construción e ferretería para o Taller de Fomento do Concello de Vigo para o período comprendido entre o día 22 de abril de 2014 e o día 21 abril de 2015, nunha porcentaxe do 0,94 %.”

Previamente a someter o expediente á consideración da Xunta de Goberno Local, deberá ser fiscalizado pola Intervención Xeral.

Durante a prórroga os subministros e o pago dos mesmos faranse nas mesmas condicións que figuran no contrato, polo que non resulta necesario reaxustar a garantía inicialmente constituída.

Por todo o exposto, este servizo de Vías e Obras PROPONLLE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

- “Aproba-la prórroga do contrato de subministración de formigóns, áridos, materiais de construción e materiais de ferretería para o Taller de fomento do Concello de Vigo asinado con TRANSPORTES PABLO VAL S.L , polo período de dúas anualidade a contar dende o 22 de abril do presente ano 2015, segundo o apartado 2.c das FEC, polos lotes 1 (formigóns), 2 (áridos), 3 (materiais de construción), e 4 (materiais de ferretería) e por uns prezos totais respectivos de 290.000 euros/ano, 160.000 euros/ano, 360.000 euros/ano; e 90.000 euros/ano e unhas baixas porcentual únicas respecto dos prezos unitarios definidos no prego de prescricións técnicas particulares do 9% para o lote 1, 6% para o lote 2, 1% para o lote 3; e 1% para o lote 4. Todo o anterior de acordo cos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada e o acordo da Xunta de Goberno Local de revisión de prezos do contrato para o período comprendido entre o día 22 de abril de 2014 e o día 21 abril de 2015, nunha porcentaxe do 0,94 %, sen prexuízo das revisións dos mesmos establecidas no contrato.

–Autorizar o gasto do importe estimado da prórroga do contrato de subministración de formigóns, áridos, materiais de construción e materiais de ferretería para o Taller de Vías e

Obras do Concello de Vigo con cargo á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 co seguinte desglose de anualidades:

Lote 1: subministro de formigón:

Anualidades	Importe con IVE
2015	100.000,00 €.
2016	145.000,00 €.
2017	45.000,00 €.
Total	290.000,00 €.

Lote 2: subministro de áridos:

Anualidades	Importe con IVE
2015	55.000,00 €.
2016	80.000,00 €.
2017	25.000,00 €.
Total	160.000,00 €.

Lote 3: subministro materiais construción:

Anualidades	Importe con IVE
2015	120.000,00 €.
2016	180.000,00 €.
2017	60.000,00 €.
Total	360.000,00 €.

Lote 4: subministro materiais ferretería:

Anualidades	Importe con IVE
2015	30.000,00 €.
2016	45.000,00 €.
2017	15.000,00 €.
Total	90.000,00 €.

A presente resolución comunicarase á Intervención Xeral, ao Servizo de Contratación e ao contratista interesado aos efectos oportunos”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(116).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESÍDUOS DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES”. EXPTE. 2832/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28.01.15, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, da mesma data, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Obra: “HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES”. Expte. 2757/440.

Localidade e situación: RÚA MARÍA BERDIALES.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D^a. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ (GALAICONTROL).

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL, D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.

Contratista titular do plan: PETROLAM A VEIGA, SL.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D^a. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ (GALAICONTROL).

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. JOSÉ ANTONIO SALGADO CAMPO (PETROLAM A VEIGA, SL.).

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. OSCAR PEREIRO TAIBO (CSM, GESTIÓN DE SEGURIDAD EN CONSTRUCCIÓN, SL.).

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: D. JOSÉ ANTONIO SALGADO CAMPO (PETROLAM A VEIGA, SL.).

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. *Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERTIALES".*
2. *Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria PETROLAM A VEIGA, SL., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(117).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE. OBRA: "HUMANIZACIÓN RÚA ARAGÓN. FASE III". EXPTE. 2837/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento do 30.01.15, conformado polo asesor xurídico da Área de fomento e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 7 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN RÚA ARAGÓN. FASE III. (Expte. 2674/440).

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou a proposta de adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN RÚA ARAGÓN. FASE III. (Expte. 2674/440).

2.- Fundamentos xurídicos:

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente 2674/440, define no punto 4, da cláusula 1), que o director facultativo das obras será o responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras conforme ó proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo indica que dita dirección facultativa será nomeada polo órgano de contratación, para o cal se deberá atender a técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate e as súas funcións atópanse recollidas no punto 4, da cláusula 1 do PCAP.

No apartado 5 da cláusula 1 do PCAP que regula o expediente 2674/440 defínese que o coordinador de seguridade e saúde será o responsable da coordinación e saúde na obra coas competencias determinadas no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. Será nomeado polo ór-

gano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate, podendo recaer o cargo no director facultativo das obras.

A disposición adicional cuarta da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE) sinala que “as titulacións académicas e profesionais habilitantes para desempeñar a función de coordinador de seguridade e saúde en obras de edificación, durante a elaboración do proxecto e a execución da obra, serán as de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, de acordo coas súas competencias e especialidades”.

Centrándonos xa na esfera das Administracións Públicas, a dirección facultativa pode ser atribuída a técnicos da propia Administración ou a facultativos externos, que conten coa titulación profesional esixida. No último caso a través dun contrato de servizos tramitado á marxe do expediente de contratación (se se contratara cunha consultora sería ésta a que nomease ao referido facultativo).

En canto á habilitación profesional para desempeñar a dirección facultativa estará en función da natureza das obras a executar. En todo caso débese partir do principio consagrado pola xurisprudencia (sentenzas do Tribunal Supremo de 26 de febreiro de 1966, 16 de marzo de 1967, 31 de decembro de 1973, 24 de marzo de 1975, 8 de xullo de 1981, 28 de outubro de 1987 e 21 de abril de 1989, entre outras) de que “a competencia de cada rama de enxeñaría depende da capacidade técnica real para o desenvolvemento das funcións propias da mesma (liberdade e idoneidade).

Neste senso e con referencia a este asunto concreto, o Decreto de data 18 de setembro de 1935 atribúe aos profesionais en posesión do título de enxeñeiro industrial a capacidade para proxectar, executar e dirixir toda clase de instalacións comprendidas en diversas ramas industriais entre as que, a efectos deste informe, figuran: “construcións hidráulicas e civís”, “iluminación e saneamento”, “aproveitamento de augas públicas para abastecemento, regas ou industrias”, “xeración”, “transformación”, “transportes de utilización da enerxía eléctrica en todas as súas manifestacións” e “comunicacións a distancia e en xeral, canto comprende o campo da telecomunicación”.

Por outra banda o artigo 2 da Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre Regulación das Atribucións Profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros Técnicos, inclúe entre as súas atribucións: (...) a dirección das actividades obxecto de proxectos que teñan por finalidade as construcións, reformas, reparación (...) de bens mobles e inmobles, sempre que queden comprendidos pola súa natureza e características na técnica propia da súa titulación.

En todo caso, a Disposición Adicional da referida Lei contempla que o establecido na mesma non será directamente aplicable aos arquitectos e enxeñeiros técnicos vinculados á Administración Pública, que rexeranse polas súas respectivas normas estatutarias. Sen embargo xa a sentenza do Tribunal Supremo de 20 de xaneiro de 2000 declarou que tamén neste caso seranlle de aplicación as normas propias de cada profesión.

En relación ao citado expediente para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN RÚA ARAGÓN. FASE III. (Expte. 2674/440), dende a Concellería de Fomento procedeuse polo procedemento de contrato menor, da contratación dos servizos para a coordinación de seguridade e saúde das citadas obras na rúa Aragón, sendo adxudicados os servizos a APPLUS NOR-CONTROL, SLU, o cal procedeu a nomear ao seguinte técnico para o desenvolvemento destas funcións:

–Como Coordinador de Seguridade e Saúde a: D^a. CRISTINA HERMIDA TRASANCOS, DNI. 33996391-E Enxeñeiro Técnico Forestal, Colexiado nº 811 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia.

En conclusión cos antecedentes descritos e tendo en conta que o obxecto das obras descritas no proxecto de obra consiste en Humanización da rúa Aragón, considérase adecuado o nomeamento do técnico mencionado en función da súa titulación.

O nomeamento dos responsables da Dirección Facultativa, así como do Coordinador de Seguridade e Saúde correspóndelle ao órgano de contratación, de acordo ao estipulado no PCAP, (artigo 1, puntos 4 e 5).

3.- Proposta:

Polo exposto proponse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a aprobación da seguinte proposta:

Primeiro: Aprobar o nomeamento como Dirección Facultativa da obra Humanización da rúa Aragón. Fase III, (expte: 2674/440) aos Técnicos Municipais D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.

Segundo: Aprobar o nomeamento como Coordinador de seguridade e saúde da obra Humanización da rúa Aragón. Fase III (expte: 2674/440) ao Técnico da empresa APPLUS NORCONTROL, SLU., D^a. CRISTINA HERMIDA TRASANCOS, DNI. 33996391-E Enxeñeiro Técnico Forestal, Colexiado nº 811 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia..

Terceiro: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación HUMANIZACIÓN RÚA ARAGÓN. FASE III. (Expte. 2674/440).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(118).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE. OBRA: “HUMANIZACIÓN RÚA GERONA. FASE I”. EXPTE. 2838/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento do 30.01.15, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro-delegado, ambos da Área de Fomento, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 7 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN RÚA GERONA. FASE I. (Expte. 2675/440).

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 26 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou a proposta de adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN RÚA GERONA. FASE I. (Expte. 2675/440).

2.- Fundamentos xurídicos:

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente 2675/440, define no punto 4, da cláusula 1), que o director facultativo das obras será o responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras conforme ó proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo indica que dita dirección facultativa será nomeada polo órgano de contratación, para o cal se deberá atender a técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate e as súas funcións atópanse recollidas no punto 4, da cláusula 1 do PCAP.

No apartado 5 da cláusula 1 do PCAP que regula o expediente 2675/440 defínese que o coordinador de seguridade e saúde será o responsable da coordinación e saúde na obra coas competencias determinadas no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. Será nomeado polo órgano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate, podendo recaer o cargo no director facultativo das obras.

A disposición adicional cuarta da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE) sinala que “as titulacións académicas e profesionais habilitantes para desempeñar a función de coordinador de seguridade e saúde en obras de edificación, durante a elaboración do proxecto e a execución da obra, serán as de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, de acordo coas súas competencias e especialidades”.

Centrándonos xa na esfera das Administracións Públicas, a dirección facultativa pode ser atribuída a técnicos da propia Administración ou a facultativos externos, que contén coa titulación profesional esixida. No último caso a través dun contrato de servizos tramitado á marxe do expediente de contratación (se se contratara cunha consultora sería ésta a que nomease ao referido facultativo).

En canto á habilitación profesional para desempeñar a dirección facultativa estará en función da natureza das obras a executar. En todo caso débese partir do principio consagrado pola xurisprudencia (sentenzas do Tribunal Supremo de 26 de febreiro de 1966, 16 de marzo de 1967, 31 de decembro de 1973, 24 de marzo de 1975, 8 de xullo de 1981, 28 de outubro de 1987 e 21 de abril de 1989, entre outras) de que “a competencia de cada rama de enxeñaría depende da capacidade técnica real para o desenvolvemento das funcións propias da mesma (liberdade e idoneidade).

Neste senso e con referencia a este asunto concreto, o Decreto de data 18 de setembro de 1935 atribúe aos profesionais en posesión do título de enxeñeiro industrial a capacidade para proxectar, executar e dirixir toda clase de instalacións comprendidas en diversas ramas industriais entre as que, a efectos deste informe, figuran: “construcións hidráulicas e civís”, “iluminación e saneamento”, “aproveitamento de augas públicas para abastecemento, regas ou industrias”, “xeración”, “transformación”, “transportes de utilización da enerxía eléctrica en todas as súas manifestacións” e “comunicacións a distancia e en xeral, canto comprende o campo da telecomunicación”.

Por outra banda o artigo 2 da Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre Regulación das Atribucións Profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros Técnicos, inclúe entre as súas atribucións: (...) a dirección das actividades obxecto de proxectos que teñan por finalidade as construcións, reformas, reparación (...) de bens mobles e inmobles, sempre que queden comprendidos pola súa natureza e características na técnica propia da súa titulación.

En todo caso, a Disposición Adicional da referida Lei contempla que o establecido na mesma non será directamente aplicable aos arquitectos e enxeñeiros técnicos vinculados á Administración Pública, que rexeranse polas súas respectivas normas estaturias. Sen embargo xa a sentenza do Tribunal Supremo de 20 de xaneiro de 2000 declarou que tamén neste caso seranlle de aplicación as normas propias de cada profesión.

En relación ao citado expediente para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN RÚA GERONA. FASE I. (Expte. 2675/440), dende a Concellería de Fomento procedeuse polo procedemento de contrato menor, da contratación dos servizos para a coordinación de seguridade e saúde das citadas obras na rúa Gerona, sendo adxudicados os servizos a ALEXO, o cal procedeu a nomear ao seguinte técnico para o desenvolvemento destas funcións:

-Como Coordinador de Seguridade e Saúde a: D. ALEJANDRO MARTÍNEZ GARCÍA, DNI. 36097151-P, Arquitecto Técnico, Colexiado nº VR-514 do Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra.

En conclusión cos antecedentes descritos e tendo en conta que o obxecto das obras descritas no proxecto de obra consiste en Humanización da rúa Gerona, considérase adecuado o nomeamento do técnico mencionado en función da súa titulación.

O nomeamento dos responsables da Dirección Facultativa, así como do Coordinador de Seguridade e Saúde correspóndelle ao órgano de contratación, de acordo ao estipulado no PCAP, (artigo 1, puntos 4 e 5).

3.- Proposta:

Polo exposto proponse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a aprobación da seguinte proposta:

Primeiro: Aprobar o nomeamento como Dirección Facultativa da obra Humanización da rúa Gerona. Fase I, (expte: 2675/440) aos Técnicos Municipais D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA.

Segundo: Aprobar o nomeamento como Coordinador de seguridade e saúde da obra Humanización da rúa Gerona. Fase I (expte: 2675/440) ao Técnico da empresa ALEXO, D. ALEJANDRO MARTÍNEZ GARCÍA, DNI. 36097151-P, Arquitecto Técnico, Colexiado nº VR-514 do Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra.

Terceiro: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación HUMANIZACIÓN RÚA GERONA. FASE I. (Expte. 2675/440).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(119).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE. OBRA: "HUMANIZACIÓN RÚA GREGORIO ESPINO. FASE I". EXPTE. 2839/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento do 30.01.15, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro-delegado, ambos da Área de Fomento, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 7 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN RÚA GREGORIO ESPINO. FASE I. (Expte. 2676/440).

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 26 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou a proposta de adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN RÚA GREGORIO ESPINO. FASE I. (Expte. 2676/440).

2.- Fundamentos xurídicos:

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente 2676/440, define no punto 4, da cláusula 1), que o director facultativo das obras será o responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras conforme ó proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo indica que dita dirección facultativa será nomeada polo órgano de contratación, para o cal se deberá atender a técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate e as súas funcións atópanse recollidas no punto 4, da cláusula 1 do PCAP.

No apartado 5 da cláusula 1 do PCAP que regula o expediente 2676/440 defínese que o coordinador de seguridade e saúde será o responsable da coordinación e saúde na obra coas competencias determinadas no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. Será nomeado polo órgano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate, podendo recaer o cargo no director facultativo das obras.

A disposición adicional cuarta da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE) sinala que "as titulacións académicas e profesionais habilitantes para desempeñar a función de coordinador de seguridade e saúde en obras de edificación, durante a elaboración do proxecto e a execución da obra, serán as de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, de acordo coas súas competencias e especialidades".

Centrándonos xa na esfera das Administracións Públicas, a dirección facultativa pode ser atribuída a técnicos da propia Administración ou a facultativos externos, que conten coa titulación profesional esixida. No último caso a través dun contrato de servizos tramitado á marxe do expediente de contratación (se se contratara cunha consultora sería ésta a que nomease ao referido facultativo).

En canto á habilitación profesional para desempeñar a dirección facultativa estará en función da natureza das obras a executar. En todo caso débese partir do principio consagrado pola xurisprudencia (sentenzas do Tribunal Supremo de 26 de febreiro de 1966, 16 de marzo de 1967, 31 de decembro de 1973, 24 de marzo de 1975, 8 de xullo de 1981, 28 de outubro de 1987 e 21 de abril de 1989, entre outras) de que "a competencia de cada rama de enxeñaría depende da capacidade técnica real para o desenvolvemento das funcións propias da mesma (liberdade e idoneidade).

Neste senso e con referencia a este asunto concreto, o Decreto de data 18 de setembro de 1935 atribúe aos profesionais en posesión do título de enxeñeiro industrial a capacidade para proxectar, executar e dirixir toda clase de instalacións comprendidas en diversas ramas industriais entre as que, a efectos deste informe, figuran: “construcións hidráulicas e civís”, “iluminación e saneamento”, “aproveitamento de augas públicas para abastecemento, regas ou industrias”, “xeración”, “transformación”, “transportes de utilización da enerxía eléctrica en todas as súas manifestacións” e “comunicacións a distancia e en xeral, canto comprende o campo da telecomunicación”.

Por outra banda o artigo 2 da Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre Regulación das Atribucións Profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros Técnicos, inclúe entre as súas atribucións: (...) a dirección das actividades obxecto de proxectos que teñan por finalidade as construcións, reformas, reparación (...) de bens mobles e inmobles, sempre que queden comprendidos pola súa natureza e características na técnica propia da súa titulación.

En todo caso, a Disposición Adicional da referida Lei contempla que o establecido na mesma non será directamente aplicable aos arquitectos e enxeñeiros técnicos vinculados á Administración Pública, que rexeranse polas súas respectivas normas estatutarias. Sen embargo xa a sentenza do Tribunal Supremo de 20 de xaneiro de 2000 declarou que tamén neste caso seranlle de aplicación as normas propias de cada profesión.

En relación ao citado expediente para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN RÚA GREGORIO ESPINO. FASE I. (Expte. 2676/440), dende a Concellería de Fomento procedeuse polo procedemento de contrato menor, da contratación dos servizos para a coordinación de seguridade e saúde das citadas obras na rúa Gregorio Espino, sendo adxudicados os servizos a PREVENTECNIA, o cal procedeu a nomear ao seguinte técnico para o desenvolvemento destas funcións:

-Como Coordinador de Seguridade e Saúde a: D. PEDRO MURCIEGO DELGADO, DNI. 76708878-Z, Enxeñeiro Técnico Forestal e Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais, Colexiado nº 785 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia.

En conclusión cos antecedentes descritos e tendo en conta que o obxecto das obras descritas no proxecto de obra consiste en Humanización da rúa Gregorio Espino, considérase adecuado o nomeamento do técnico mencionado en función da súa titulación.

O nomeamento dos responsables da Dirección Facultativa, así como do Coordinador de Seguridade e Saúde correspóndelle ao órgano de contratación, de acordo ao estipulado no PCAP, (artigo 1, puntos 4 e 5).

3.- Proposta:

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a aprobación da seguinte proposta:

Primeiro: Aprobar o nomeamento como Dirección Facultativa da obra Humanización da rúa Gregorio Espino. Fase I, (expte: 2676/440) aos Técnicos Municipais D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA.

Segundo: Aprobar o nomeamento como Coordinador de seguridade e saúde da obra Humanización da rúa Gerona. Fase I (expte: 2676/440) ao Técnico da empresa PREVENTECNIA, D. PEDRO MURCIEGO DELGADO, DNI. 76708878-Z, Enxeñeiro Técnico Forestal e Técnico Superior

en Prevención de Riscos Laborais, Colexiado nº 785 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia.

*Terceiro: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación HUMANIZACIÓN RÚA GREGORIO ESPINO. FASE I. (Exp-
te. 2676/440).*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(120).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS CONMEMORATIVOS DO "8 DE MARZO", DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES. EXPTE. 6670/224.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 3.02.15, conformado pola concelleira-delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

A Concellería de Igualdade e mailo Consello Municipal da Muller (órgano presidido pola concelleira de Igualdade), desexa organizar un ano máis unha serie de actos durante o mes de marzo, co gallo da conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

Nesta edición, a conmemoración do Día Internacional da Muller, integrará as seguintes actividades:

- 1.- Pleno específico do Consello Municipal da Muller que se desenvolverá no salón de plenos municipal o venres 6 de marzo pola mañá.*
- 2.- Entrega do premio de Igualdade "Ernestina Otero" coa finalidade de premiar ás mulleres ou asociacións de mulleres na súa traxectoria a prol da igualdade.*
- 3.- Actividades lúdicas a prol da igualdade dirixidas a nenos e nenas na "Praza da Constitución" durante a tarde do sábado 7 de marzo.*
- 4.- Lectura de manifesto e concerto na Praza da Constitución durante a noite do sábado 7 de marzo*

Para a realización das actividades descritas será necesario xestionar os trámites seguintes: autorización para o uso do espazo público da Praza da Constitución o día 7 de marzo de 10,00 a 24 h, coa colocación elementos de comunicación, colocación de escenario, conexión de luz, megafonía e sonorización aérea do espazo solicitado, e carga e descarga do material.

Unha vez que estas actividades estean autorizadas pola Xunta de Goberno Local, solicitaranse os permisos necesarios nas oficinas de Patrimonio Histórico e Seguridade, Mobilidade e Transporte.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar á Concellería de Igualdade e mailo Consello Municipal da Muller a organizar os actos conmemorativos do “8 de marzo”, Día Internacional das Mulleres que se reflicten no expediente 6670/224 ”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(121).- PROPOSTA DE CANDIDATURAS AO GALARDÓN BANDEIRA AZUL 2015. EXPTE. 10801/306

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 28.01.15, conformado pola concelleira de Medio Ambiente que di o seguinte:

1.- ADEAC “Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor”, entidade española sen ánimo de lucro, é cofundadora da FEE “Foundacion for Environmental Educación”, organización internacional sen ánimo de lucro que agrupa a máis de 74 ONGs; constituíndo a súa rama nacional en España que é responsable do desenvolvemento dos seus programas.

Promove, así, a educación ambiental en España e desenvolve a nivel internacional programas como Bandeira Azul (Blue Flag).

A Bandeira Azul é un galardón anual e un sistema de certificación da calidade ambiental desenvolvido pola FEE desde 1987.

Este galardón ppromove e premia a participación en iniciativas ambientais voluntarias das autoridades municipais, poboación local, visitantes e os axentes do sector turístico.

Os criterios para obter o galardón de Bandeira Azul agrúpanse en catro áreas:

- Calidade das augas de baño*
- Información e educación ambiental*
- Xestión ambiental e seguridade, servizos e instalacións.*

A Bandeira Azul é concedida por un xurado internacional, presidido pola FEE e con participación, entre outros, dos axentes de NN.UU para o medio ambiente e o turismo, entre as candidaturas seleccionadas polos xurados nacionais.

No xurado nacional para España, presidido por ADEAC, participan as CC.AA. litorais, a FEMP e os Ministerios, Fundacións e Universidades implicadas.

2.- O artigo 25.2. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano”, “turismo”.

O artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, sinala como competencias dos concellos, nos termos da lexislación das CC.AA., manter as praias e os lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade así como vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.

A área municipal de Medio Ambiente ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 29/07/2014 competencias en materia medio ambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, a xestión dos servizos de tempada que poidan establecer nas praias, o mantemento das praias e lugares públicos de baño en condicións de limpeza hixiene e salubridade, así como, vixiar a observancia das normas sobre salvamento e seguridade das vidas humanas e, asemade, calquera outra competencia que en materia de costas estea atribuída á competencia municipal e non corresponda a ningunha outra área delegada”.

A protección do medio ambiente, especialmente dos areais, exerceuse non so a través dos procedementos de disciplina medio ambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectoriais, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente ven desenvolvemento diversos programas de sensibilización e educación ambiental: camiño a camiño, hortas urbanas, sendeiros...

3.- En consideración a estas atribucións, a Concellería de Medio Ambiente ven solicitando tódolos anos o galardón de Bandeira Azul para diversas praias da cidade que contan con calidade de auga e de servizos de excelencia segundo criterios esixidos para optar a este galardón. Supón o compromiso de manter os servizos nas praias nas condicións esixidas na convocatoria do galardón e continuar co desenvolvemento de programas medioambientais.

4.- Dito galardón solicítase a través de medios telemáticos, cumprimentando os cuestionarios correspondentes e achegando a documentación solicita nos prazos establecidos.

5.- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Medio Ambiente, representada pola concelleira delegada de área, instou a ADEAC-FEE os seguintes galardóns para o ano 2015:

- Candidatura de nove areais do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2015: areais da Punta, Tombo do Gato, Argazada, Fontaiña, Vao, Canido, Fortiñón, Rodas e Figueiras.

- Distintivo temático en praias: Ruptura de barreiras arquitectónicas e atención a persoas con discapacidades.

- Renovación do galardón Sendeiro Azul 2015: Sendeiro de ribeira e litoral denominado “camiño á Beiramar”. Discorre: tramo río Lagares, Avda. de Madrid a desembocadura; tramo desembocadura río Lagares á praia do Adro en Bouzas; tramo desembocadura río Lagares ó areal de Canido.

A documentación presentada telemáticamente incorporouse ó expediente administrativo 10801/306 en exemplar en papel e en formato dixital (CD).

6.- Ao abeiro da delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno local de data 13/06/2011 (BOP 15/07/2011), esta debe tomar coñecemento das ditas peticións.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

Tomar coñecemento e ratificar as solicitudes formuladas pola Área de Medio Ambiente deste Concello a ADEAC-FEE, a través da súa plataforma telemática, instando os seguintes galardóns en materia medioambiental:

- Candidatura de nove areais do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2015: areal da Punta, Tombo do Gato, Argazada, Fontaiña, Vao, Canido, Fortiñón, Rodas e Figueiras.

- Distintivo temático en praias: ruptura de barreiras arquitectónicas e atención a persoas con discapacidades.

- Renovación do galardón Sendeiro Azul 2015: Sendeiro de ribeira e litoral denominado "camiño á Beiramar". Discorre: tramo río Lagares, Avda. de Madrid a desembocadura; tramo desembocadura río Lagares á praia do Adro en Bouzas; tramo desembocadura río Lagares ó areal de Canido.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(122).- PROPOSTA DE DESASCRICIÓN DA ÁREA DE BENESTAR SOCIAL E DIVISIÓN DO LOCAL MUNICIPAL Nº 11 DE PRAZA DE ARGÜELLES. EXPTE. 2027/244.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 29.12.14, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

L 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

Primero.- A Concelleira Delegada de Patrimonio resolveu en data 9.6.2014: 1º Incoar expediente para trasladar o aluguer do local comercial do número 11 da rúa Elduayen ó local municipal sen uso no mesmo número da rúa sito na parte central da Praza de Arguelles. 2º Elaborar a memoria xustificativa do traslado e recabar os informes técnicos e xurídicos preceptivos para súa realización, e formulese a proposta correspondente á Xunta de Goberno Local.

Segundo.- De acordo cos datos que constan no Inventario Municipal de Bens e Dereitos deste Concello, aprobado por acordo do Pleno o 4 de maio de 1993, o Excmo. Concello de Vigo é dono do seguinte inmovible:

Propiedade nº 92: Local sito na Praza de Arguelles s/n nesta cidade de Vigo, de natureza demanial, servizo público, adscrito ó Servizo de Acción Social, e inscrita no epígrafe 1 do Inventario Municipal de Bens e Dereitos.

Na actualidade o local atópase pechado e sen actividade, tendo desistido do mesmo o Servizo de Benestar Social.

Terceiro.- En data 23 de xullo do 2014, na tramitación do procedemento a que deu lugar a incoacción do expediente, emitiuse polo Servizo de Patrimonio o seguinte informe-proposta á Xunta de Goberno Local:

1º.- “ Desascribir da Área de Política de Benestar, o local sito na Praza de Arguelles s/n desta cidade de Vigo, polo cese da actividade do servizo de Política de Benestar, manténdose a natureza demanial -uso público- pola súa integración no dominio público municipal (subsolo da Praza de Arguelles).

2º.- Dividir o local municipal sito na Praza de Arguelles S/N (nº de propiedade 92 do IMBD), pasando a formar dúas fincas independentes coa seguinte descrición:

Local 1.

NATUREZA XURÍDICA Uso Público

SITUACIÓN Praza Arguelles s/n.

SUPERFICIE 20,30 m²

VALORACION 31.365,00 €

LINDEIROS:

Norte: Subida a Praza de Arguelles.

Sur: Praza Arguelles (en cota superior)

Leste: Local nº 2

Oeste: Subida Praza Arguelles

Local 2.

NATUREZA XURÍDICA Uso Público

SITUACIÓN Praza Arguelles s/n.

SUPERFICIE 20,30 m²

VALORACION 31.365,00 €

LINDEIROS:

Norte: Subida a Praza de Arguelles.

Sur: Praza Arguelles (en cota superior)

Leste: Subida Praza de Arguelles

Oeste: Local nº 1

3º.- Dar traslado do presente acordo ó Pleno Municipal para seu coñecemento e toma de razón no Inventario Municipal de Bens e dereitos, da desascripción ó servizo de Benestar social e división do inmovible, actualizando os datos cos que figura na Propiedade nº 92 do Epígrafe I e inscripción no Rexistro da Propiedade.”

Cuarto.- D. Jaime Cendón Acuña o 18/09/2014, formulou alegacións ó expediente solicitando, por razóns comerciais, dúas portas no local da Praza de Arguelles, unha para escaparate e outra de entrada, mediante o establecemento dun hall común a ditos locais 1 e 2.

Quinto.- Polo Enxeñeiro de Edificacións da Xerencia Municipal de Urbanismo informouse en data 2.12.2014 as alegacións, sinalando ó efecto o seguinte:

A vista da alegación presentada con data 18/09/2014, e despois da visita de comprobación o inmovible e conversa coa persoa interesada, para o cambio de local coa finalidade de executar as obras de DE MELLORA E REPOSICION DE ESPAZOS PUBLICOS NO CASCO VELLO, NO AMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES, INCLUINDO OS ESPAZOS SOTERRADOS ENTRE A RUA ABELEIRA MENENDEZ E A PRAZA DE ARGÜELLES. Exp.- 7279/307.

Debido a os motivos aducidos de visión comercial para a actividade que desenrolla actualmente no local de propiedade municipal en regimén de aluguer, entendo que a proposta que efectúa e de xeito comercial totalmente lóxica e entendo que debe de ser aceptada polo Concello, xa que a nova distribución que se propón, xenera unha mellor imaxe comercial cara o exterior, dos locais aínda que un deles merma en canto a superficie, ambos os dous melloran no aspecto de imaxe comercial o dispor de elementos expositores.

A súa vez coa finalidade de manter as mesmas condicións iniciais do inicio de expediente entendo que se deberá de adjudicar o local nº 1, no cal, non se altera a superficie proposta no inicio do expediente

Considero que economicamente a súa valoración no conxunto merma toda vez que o espazo de vestíbulo o ser común non se lle adjudica un valor, pero existe unha mellora en canto as posibilidades comerciais, xa que a nova proposta dota o ambos de expositores cara o público, e a súa vez dota pola súa concepción de unha mellor seguridade cara o exterior, en consecuencia propónse o seguinte:

Partimos do local inicial sito en en plaza de Arguelles, pertencente a o Patrimonio Municipal cuxa natureza xurídica e de Servicio Público, co nº de inventario 92, consta de unha superficie construída de 53,61 m² e de 42,06 m² útiles, tendo en conta que o valor previsto inicialmente e de 62.730,00 €uros, coa nova distribución, o xerar un elemento común (vestíbulo) o cal non e lóxico adjudicarlle un valor, entendo que a súa valoración e de 53.660,00 €uros, e dispoñen dos seguintes lindes:

*Norte: Subida a Praza de Arguelles.
Sur: Plaza Arguelles (en cota superior)
Leste: Subida Praza Arguelles
Oeste: Subida Praza Arguelles*

Propónse a división de dita edificación de planta baixa en dous locais ambos con accesos dende un vestíbulo que comunica directamente co exterior, coa nova distribución no interior dos mesmos propónse a cada un deles unha zona de espazo público e un aseo, que cumpre coas determinacións do DBSUA, en canto a dimensións mínimas (aseo adaptado), e o resto destinarase a zona de público e zona privada de atención a definir polo usuario.

Sendo os resultantes os seguintes:

Vestíbulo: espazo de comunicación entre o exterior e os locais definidos a seguir, consta de unha superficie útil de 5,06, no mesmo podense colocar expositores, a súa función e o acceso a os locais comercial, non se lle considera valor xa que o mesmo esta incluído nos locais os que serve. que o seu uso e de paso e exposición, consta dos seguintes lindes.

*Norte: Subida a Praza de Arguelles.
Sur: Local nº 2
Leste: Subida Praza Arguelles
Oeste: Local nº 1*

Local 1, con unha superficie útil de 20,30 m², composto de dúas dependencias un espazo para usos varios e un aseo adaptado, estimando o valor do local en 31.365,00 €uros; dispoñen dos seguintes lindes:

*Norte: Subida a Praza de Arguelles.
Sur: Plaza Arguelles (en cota superior)
Leste: Local nº 2 e vestíbulo
Oeste: Subida Praza Arguelles*

A súa vez propónse que o local se entregue totalmente acabado, con suelo de pavimento cerámico, carpintería exterior, de acordo co entorno, tomas no interior de cada local de auga e electricidade, acabados de paramentos verticais a base de enfoscados e pintura y

teitos a base de falso teito de escayola. No aseo preveese o seu acabado suelo e teito similar o resto do local y en paramentos verticais a base de alicatado.

Local 2, con unha superficie util de 14,43 m², composto de duas dependencias un espazo para usos varios, y un aseo adaptado, estimando o valor do local en 22.295,00 €uros e dis-
pon dos seguintes lindes:

Norte: Subida a Praza de Arguelles.
Sur: Plaza Arguelles (en cota superior)
Leste: Subida Praza de Arguelles
Oeste: Local nº 1 e vestibulo

Tanto o local nº 1 como 2 o acceso farese a traves de vestibulo, sendo a sua configuración segundo o plano adxunto.

Sexto.- A teor da nova proposta de división do local de propiedade municipal nº 92, efectuada polo enxeñeiro de edificación, procede rectificar a formulada en data 24.07.2014, axustandoa á sinalada polo técnico municipal no seu informe, e conseguintemente con base na fundamentación xurídica que consta no informe-proposta xa emitido, PROPÓÑESE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, no uso das súas atribucións, a adopción do seguinte acordo:

1º.- “ Desascribir da Área de Política de Benestar, o local sito na Praza de Arguelles s/n desta cidade de Vigo, polo cese da actividade do servizo de Política de Benestar, manténdose a natureza demanial -uso público- pola súa integración no dominio público municipal (subsolo da Praza de Arguelles).

2º.- Dividir o local municipal sito na Praza de Arguelles S/N (nº de propiedade 92 do IMBD), de acordo co informe e plano do Enxeñeiro de edificación de data 2.12.2014, pasando a formar dous locais independentes aos que accederáse a traves dun vestíbulo ou elemento común, coas seguintes descrições:

Vestíbulo: espazo de comunicación entre o exterior e os locais definidos a seguir, consta dunha superficie útil de 5,06, no mesmo podense colocar expositores, a súa función e o acceso ós locais comerciais, non se lle considera valor xa que o mesmo está incluído nos locais os que serve. que o seu uso é de paso e exposición, consta dos seguintes lindes.

Norte: Subida a Praza de Arguelles.
Sur: Local nº 2
Leste: Subida Praza Arguelles
Oeste: Local nº 1

Local 1.

NATUREZA XURÍDICA	Uso Público
SITUACIÓN	Praza Arguelles s/n.
SUPERFICIE	20,30 m ²
VALORACION	31.365,00 €
LINDEIROS:	

Norte: Subida á Praza de Arguelles.
Sur: Praza Arguelles (en cota superior)
Leste: Local nº 2 e vestíbulo
Oeste: Subida Praza Arguelles

Local 2.

NATUREZA XURÍDICA *Uso Público*
SITUACIÓN *Praza Arguelles s/n.*
SUPERFICIE *14,43 m2*
VALORACION *22.295,00 €*
LINDEIROS:

Norte: *Subida a Praza de Arguelles.*
Sur: *Praza Arguelles (en cota superior)*
Leste: *Subida Praza de Arguelles*
Oeste: *Local nº 1 e vestíbulo*

3º.- *Dar traslado do presente acordo ó Pleno Municipal para seu coñecemento e toma de razón no Inventario Municipal de Bens e dereitos, da desascripción ó servizo de Benestar social e división do inmovible, actualizando os datos cos que figura na Propiedade nº 92 do Epígrafe I e inscrición no Rexistro da Propiedade.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(123).- ESTIMACIÓN PARCIAL DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DE CONVENIO DE EXTINCIÓN DE CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO LOCAL NÚM. 11 DE PRAZA DE ARGÜELLES. EXPTE. 19699/240.

Visto o informe xurídico do 20.01.15, o informe de fiscalización do 27.01.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 30.12.14, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*
- *L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).*
- *Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia*
- *RDL 3/2011 de 14 novembro, do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público. (TRLCSP)*
- *RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).*
- *L 29/1994 de 24 novembro de Arrendamentos Urbans (LAU).*
- *D 4104/1964 de 24 decembro, Texto Refundido da Lei de Arrendamentos Urbans (TR-LAU).*
- *RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primero.- A Concelleira Delegada de Patrimonio resolveu en data 9.6.2014: 1º Incoar expediente para trasladar o aluguer do local comercial do número 11 da rúa Elduayen ó local municipal sen uso no mesmo número da rúa sito na parte central da Praza de Arguelles. 2º Elaborar a memoria xustificativa do traslado e recabar os informes técnicos e xurídicos preceptivos para súa realización, e formúlese a proposta correspondente á Xunta de Goberno Local.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 14.08.2014 acordou :1º.- Prestar aprobación ó texto do Convenio a asinar entre o Concello de Vigo e D. Jaime Cendón Acuña para a extinción do contrato de arrendamento do local municipal sito no nº 11 da rúa Elduayen que figura como anexo I. 3º.- Aprobar inicialmente o Prego de cláusulas administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso privativo do local municipal da praza de Arguelles s/n desta cidade de Vigo, consonte ó texto que figura no anexo II. 4º.- Someter á información pública polo prazo e procedemento regulamentario o prego de cláusulas administrativas aprobados.

Terceiro.- Acordo notificado á D. Jaime Cendón Acuña en data 29.08.2014, formulando alegacións o 18.09.2014 na que solicita por motivos comerciais o establecemento dun hall común os locais 1 e 2 e dúas portas unha para entrada e outra de escaparate; así mesmo manifesta o desacordo coa cláusula VIII do prego referente o pagamento de gastos e tributos, estimando improcedente ó tratarse dun traslado.

Sometido a información pública o Prego de cláusulas administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso privativo do local municipal da praza de Arguelles s/n, (BOP nº 192 do 6 de outubro do 2014), non presentáronse alegacións segundo certificación da Secretaria do Goberno Local do 17 de novembro do 2014.

Cuarto.- Polo Enxeñeiro de Edificacións da Xerencia Municipal de Urbanismo informouse en data 2 de decembro do 2014 as alegacións formuladas por D. Jaime Cendón Acuña sinalando que "...entendo que a proposta que efectua e de xeito comercial totalmente loxica e entendo que debe de ser acetada polo Concello, xa que a nova distribución que se propon, xenera unha mellor imaxen comercial cara o exterior, dos locais aínda que un deles merma en canto a superficie, amolos dous melloran no aspecto de imaxen comercial o dispor de elementos expositores."

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Alegacións ó Convenio e Prego de Condicións.

D. Jaime Cendón Acuña nas súas alegacións plantexa dúas cuestións, por unha parte o establecemento dun hall común os locais e de dúas portas, e por outra banda, o pagamento dos gastos previstos na cláusula VIII do prego de condicións. No que atinxe á primeira das cuestións, procede súa estimación de acordo co informado polo enxeñeiro de edificación en data 2.12.2014, no que polos motivos xa sinalados, formula nova proposta de división do local municipal contemplando o establecemento dun vestíbulo de 5,06 m², común para ambos locais 1 e 2, e coa finalidade de manter as mesmas condicións iniciais do expediente, propoñe adxudicar ó interesado o local 1 en lugar do nº 2, non alterándose a superficie proposta no inicio de expediente. Co informe achega plano coa nova división e distribución do local municipal.

Pola contra procede o rexeitamento do alegado a cláusula VIII do prego referente o pagamento de gastos e tributos, xa que ven establecido na normativa reguladora dos contratos das AAPP, debendo o adxudicatario asumilos de terse ocasionados.(art. 156 TRLCSP e art. 75 do Regulamento Xeral de contratación).

SEGUNDO.- Modificación do Convenio para a extinción do contrato de arrendamento do local municipal sito no nº 11 da rúa Elduayen, e do Prego de cláusulas administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso privativo do local municipal da Praza de Arguelles s/n desta cidade de Vigo.

A estimación da alegación sobre a distribución do local e a adxudicación do nº 1 en lugar do local nº 2, afecta o Texto do Convenio aprobado así como o clausulado do Prego de condicións, requirindo súa modificación neste senso, e a necesaria actualización das datas previstas no citado Convenio para a formalización da cesión ou da súa vixencia, tendo en conta que na actualidade e segundo se informa polo servizo de contratación, o contrato para a execución do Proxecto de Obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito de Praza da Princesa e Praza Arguelles, incluíndo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e Praza Arguelles, foi asinado o 17/11/2014.

As cláusulas do Convenio e o Prego, coas modificacións correspondentes, quedan redactadas do seguinte xeito, figurando co seu texto consolidado nos anexos 1 e 2 do presente informe.

A). Convenio para a extinción do contrato de arrendamento do local municipal sito no nº 11 da rúa Elduayen:

TERCEIRA.- O Concello de Vigo cederá ó arrendatario, en substitución ó abono da indemnización acordada e polo seu valor, o uso do local municipal nº 1 sito na Praza de Arguelles (de acordo co plano e memoria que figura anexa), en réxime de concesión administrativa, polo prazo de 5 anos, e nos termos dispostos na normativa reguladora do Patrimonio das Administracións Públicas.

Será de conta do Concello os gastos de adecuación do local e traslado da actividade, entregándose totalmente acabado, con solo de pavimento cerámico, carpintería exterior (de acordo co entorno), tomas no interior de auga e electricidade, acabados de paramentos verticais a base de enfoscados e pintura e teitos a base de falso teito de escaiola, prevéndose similar acabado para o teito e solo do aseo e nos paramentos verticais a base de alicatado (cantidades incluídas na indemnización fixada).

CUARTO.- De terse extinguido o contrato e non formalizada dita cesión antes do remate das obras de Execución do Proxecto de Obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito de Praza da Princesa e Praza Arguelles, incluíndo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e Praza Arguelles, o Concello aboará ó arrendatario a indemnización fixada na cláusula segunda, xunto cos correspondentes intereses de demora calculados consonte o interese legal do diñeiro fixado pola Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano en curso, e polo prazo que medie dende a data da extinción do contrato de arrendamento ata o momento no que se faga efectivo o pago.

SEXTO.- O presente convenio entrará en vigor e producirá efectos dende o día seguinte ó da súa sinatura.

B). Prego de cláusulas administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso privativo do local municipal da Praza de Arguelles s/n :

CLÁUSULA III.- LOCAL OBXETO DE CONCESIÓN.

Ten por obxecto a concesión do uso privativo, do local municipal nº 1 sito no subsolo da Praza de Arguelles s/n, reflectido no plano de deslinde achegado ao presente prego, e coas seguintes características técnicas:

Local 1, cunha superficie útil de 20,30m², composto de dúas dependencias un espazo para usos varios, e un aseo adaptado, e dispon dos seguintes lindes:

Norte: Subida a Praza de Arguelles.
Sur: Praza Arguelles (en cota superior)
Leste: Local nº 2 e vestíbulo
Oeste: Subida Praza de Arguelles

TERCEIRO.- Organo Competente.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda, parágrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, se propón á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- " Estimar parcialmente as alegacións presentadas por D. Jaime Cendón Acuña ó local municipal, modificandoo de acordo co informe do enxeñeiro de edificación de data 2.12.2014, resultando desestimado no demais as alegacións formuladas.

2º.- Prestar aprobación ó texto do Convenio a asinar entre o Concello de Vigo e para a extinción do contrato de arrendamento do local municipal sito no nº 11 da rúa Elduayen que figura como anexo I.

3º.- Aprobar definitivamente o Prego de cláusulas administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso privativo do local municipal da praza de Arguelles s/n desta cidade de Vigo, consonte ó texto que figura no anexo II.

4º.- Outorgar a D. Jaime Cendón Acuña a concesión administrativa do uso privativo do local municipal da praza de Arguelles s/n desta cidade de Vigo consonte o Prego de Cláusulas administrativas aprobadas."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

A N E X O I =====

"CONVENIO PARA A EXTINCIÓN DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO LOCAL MUNICIPAL SITO NO Nº 11 DA RUA ELDUAYEN DESTA CIUDADE.

Na cidade de Vigo a.....

REUNIDOS

Dunha parte, D^a M^a Carmen Silva Rego, Concelleira Delegada de Patrimonio do Excmo Concello de Vigo, actuando en representación do mesmo, e no exercicio das súas atribucións.

E doutra, D. Jaime Cendón Acuña, maior de idade, con DNI nº 35.969.271, actuando no seu propio nome e na condición de arrendatario do local adicado á actividade de relojería sito na rúa Elduayen nº 11 de Vigo.

As partes intervenientes recoñécense reciprocamente capacidade legal suficiente para o outorgamento do presente convenio.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O Excmo. Concello de Vigo é dono da seguinte finca urbana: local comercial sito no nº 11 da Rúa Elduayen nesta cidade de Vigo, de natureza patrimonial, inscrita no epígrafe 1 do Inventario Municipal de Bens e Dereitos co nº de propiedade 198.

Na actualidade atópase ocupado por D. Jaime Cendón Acuña, en réxime arrendaticio, adquirido por traspaso formalizado en escritura pública de data 9 de xuño de 1981, e adicado á actividade de relojería.

Así mesmo o Concello é dono da finca urbana: local sito na Praza de Arguelles s/n nesta cidade de Vigo, de natureza demanial, inscrita no epígrafe 1 do Inventario Municipal de Bens e Dereitos co nº de propiedade 92.

Na actualidade o local atópase pechado e sen actividade ó ter desistido do mesmo o Servicio de Benestar Social.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local o 6 de xuño do 2014 aprobou o Proxecto de Obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito de Praza da Princesa e Praza Arguelles incluíndo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e Praza Arguelles.

O proxecto ten por obxeto acadar unha mellora das infraestructuras do ámbito (pavimento, canalizacións, alumeados, etc); a recuperación do seu entorno actuando sobre as escaleiras, paramentos, barandillas, etc; e intervir sobre os espazos existentes baixo os viais e prazas, co obxectivo de acadar un mellor encaixe dos mesmos na escena urbana.

Coa execución das obras previstas no proxecto, vense afectados os locais municipais citados ó contemplarse a eliminación do local da rúa Elduayen e a reforma do de Arguelles.

TERCEIRO.- Polos servizos técnicos municipais levouse a cabo a valoración dos dereitos de arrendamento que se extinguirá coa execución das obras, fixando en 14.312,29 € o valor total da indemnización polos danos e prexuízos causados, e a substitución no pago desa indemnización co traslado da actividade ó local municipal da Praza de Arguelles, e un prazo de cesión de 5 anos.

CUARTO.- Considerando o interese xeral na realización do citado Proxecto de Obras e as consecuencias que se derivan para os locais afectados, o supoñer o derribo do local municipal e conseguinte extinción dos dereitos arrendaticios existentes, faise necesario fixar os termos e condicións nos que se fará efectiva dita extinción, conciliando tanto o interese público como os dereitos dos particulares, e en base a isto, lévase a efecto polo presente documento de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- As partes asinantes acordan declarar extinguido o contrato de arrendamento do local de propiedade municipal sito na rúa Elduayen nº 11 desta cidade de Vigo a partir da data de notificación, polo Concello de Vigo ó arrendatario, do inicio das obras de execución do Proxecto de Obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da Praza da Princesa e Praza Arguelles incluíndo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e Praza Arguelles, xunto coa orde de desaloxo e posta a disposición municipal do local.

SEGUNDA.- Fíxase na cuantía de 14.312,29 € o valor total da indemnización a percibir polo arrendatario en concepto de danos e prexuízos causados pola extinción do dereito de arrendamento.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo cederá ó arrendatario, en substitución ó abono da indemnización acordada e polo seu valor, o uso do local municipal nº 1 sito na Praza de Arguelles (de acordo co plano e memoria que figura anexa), en réxime de concesión administrativa, polo prazo de 5 anos, e nos termos dispostos na normativa reguladora do Patrimonio das Administracións Públicas.

Será de conta do Concello os gastos de adecuación do local e traslado da actividade, entregándose totalmente acabado, con solo de pavimento cerámico, carpintería exterior (de acordo co entorno), tomas no interior de auga e electricidade, acabados de paramentos verticais a base de enfoscados e pintura e teitos a base de falso teito de escaiola, prevéndose similar acabado para o teito e solo do aseo e nos paramentos verticais a base de alicatado (cantidades incluídas na indemnización fixada).

CUARTA.- De terse extinguido o contrato e non formalizada dita cesión antes do remate das obras de Execución do Proxecto de Obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito de Praza da Princesa e Praza Arguelles, incluíndo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e Praza Arguelles, o Concello aboará ó arrendatario a indemnización fixada na cláusula segunda, xunto cos correspondentes intereses de demora calculados consonte o interese legal do diñeiro fixado pola Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano en curso, e polo prazo que medie dende a data da extinción do contrato de arrendamento ata o momento no que se faga efectivo o pago.

QUINTA.- O arrendatario comprométese ó desaloxo do local e posta a disposición do Concello, no prazo dunha semana dende a data da extinción do contrato arrendaticio.

O incumprimento de dito prazo determinará a obriga de indemnizar ó Concello co importe dunha mensualidade calculada sobre o canon anual (2.862,46 €) estimado na cesión do novo local, indemnización que se reiterará por cada semana de retraso e ata o total cumprimento deste.

SEXTA.- O presente convenio entrará en vigor e producirá efectos dende o día seguinte ó da súa sinatura.

E en proba de conformidade co acordado, as partes intervenientes asinan o presente convenio por triplicado no lugar e data indicados ó comenzo.”

PLANO E MEMORIA DO LOCAL Nº 1 PRAZA ARGUELLES.


Local 1, cunha superficie útil de 20,30m², composto de dúas dependencias un espazo para usos varios, e un aseo adaptado, estimando o valor do local en 31.365,00 Euros e dispon dos seguintes lindes:

- Norte: Subida a Praza de Arguelles.*
- Sur: Praza Arguelles (en cota superior)*
- Leste: Local nº 2 e vestíbulo*
- Oeste: Subida Praza de Arguelles*

Propónse que o local se entregue totalmente acabado, con solo de pavimento cerámico, carpintería exterior, de acordo co entorno, tomas no interior de cada local de auga e electricidade, acabados de paramentos verticais a base de enfoscados e pintura e teitos a base de falso teito de escayola. No aseo prevése o seu acabado solo e teito similar ó resto do local e en paramentos verticais a base de alicatado.

Tanto o local nº 1 como 2 o acceso faráse a traves de vestibulo

Achégase plano.



local municipal en Elduayen e: 1/50

CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS QUE REXERÁ A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA POLO EXCMO. CONCELLO DE VIGO DO USO PRIVATIVO DO LOCAL MUNICIPAL DA PRAZA DE ARGUELLES S/N DESTA CIDADE DE VIGO.

CLÁUSULA I.- OBXECTO.

1.- O presente prego ten por obxecto o establecemento das condicións administrativas particulares que rexerán a concesión administrativa para o uso privativo do local municipal sito na praza de Arguelles s/n con destino exclusivo á actividade comercial de venda de produtos de reloxe-ría.

2.-De conformidade co disposto no art. 93.1 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas, e o 133.4 do RD 1372/86 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, a concesión administrativa outorgarase mediante adxudicación directa a favor de D. Jaime Cendón Acuña.

CLÁUSULA II.- NATUREZA DA CONCESIÓN.

A natureza da relación que vinculará o concesionario co Concello, será a propia da concesión administrativa de dominio público, e comprenderá o uso privativo do solo do dominio público de titularidade municipal, conforme o previsto no artigo 78 e seguintes do Real Decreto 1372/86, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

CLÁUSULA III.- LOCAL OBXETO DE CONCESIÓN.

Ten por obxecto a concesión do uso privativo, do local municipal nº 1 sito no subsolo da Praza de Arguelles s/n, reflectido no plano de deslinde achegado ao presente prego, e coas seguintes características técnicas:

Local 1, cunha superficie útil de 20,30m², composto de dúas dependencias un espazo para usos varios, e un aseo adaptado, e dispon dos seguintes lindes:

Norte: Subida a Praza de Arguelles.
Sur: Praza Arguelles (en cota superior)
Leste: Local nº 2 e vestibulo
Oeste: Subida Praza de Arguelles

CLÁUSULA IV.- DURACIÓN DA CONCESIÓN.

1. A concesión outórgase por un prazo de cinco anos non prorrogable.
2. O cómputo do prazo iniciarase o día seguinte á data na que se formalice en documento administrativo o outorgamento da concesión administrativa.

CLÁUSULA V.- VALOR LOCAL E INSTALACIÓNS.

Estímase o valor do local en 31.365 €, e as obras de reforma e acondicionamento para a actividade comercial en 3.100 €, resultando unha cantidade total de 34.465 € .

CLAUSULA VI.- GARANTÍAS.

A garantía definitiva será dun 3% do valor do dominio público ocupado e do presuposto de obra da instalación, debendo constituírse por calquera dos medios legalmente establecidos, na Tesourería Xeral deste Excmo. Concello no prazo máximo de quince días a contar dende o seguinte á notificación do acordo da Xunta de Goberno Local de adxudicación da concesión administrativa.

CLÁUSULA VII.-CANON DA CONCESIÓN.

Fíxase en 2.862,46 € anuais, estando exento de ingreso durante o prazo concesional ó resultar compensados no seu importe coa indemnización fixada pola extinción dos dereitos arrendaticios do local municipal na Rúa Elduayen nº 11, a que ten dereito o concesionario.

CLÁUSULA VIII.- PAGAMENTO DE GASTOS E TRIBUTOS.

O concesionario estará obrigado ó pagamento do importe dos anuncios preceptivos do sometemento a información pública do prego de condicións, dos gastos rexistrados, notariais e administrativos que se orixinen no outorgamento e inscrición da concesión, e de cantos outros gastos, gravames ou tributos de calquera clase se deriven, con motivo dos trámites preparatorios e formalizadores do contrato subseguente.

CLÁUSULA IX.- EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO DO PREGO DE CONDICIÓNS.

Aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local o Prego de condicións administrativas que rexerán a concesión administrativa de dominio público, expoñeráse ó público durante trinta días hábiles, a efectos de reclamacións ou suxestións polas persoas interesadas, a partir da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia, que se presentarán no Rexistro Xeral do Concello en idéntico prazo, ou por calquera dos procedementos previstos na Lei de Procedemento Administrativo Común.

CLÁUSULA X.- DEBERES E FACULTADES DO CONCESIONARIO.

1 Ademáis das obrigas que resulten da normativa legal e regulamentaria aplicábel, serán obrigas do concesionario as seguintes:

- a) *Exercer por sí a concesión e non cedela ou traspasala a terceiros salvo nas condicións establecidas no presente prego e previa autorización do Concello.*
- b) *Realizar as obras de reforma e adaptación do local, así como as instalacións e equipamentos que precise para a posta en funcionamento e desenvolvemento da actividade.*
- c) *Manter ó seu cargo, en bo estado de conservación e limpeza o local, efectuando as obras de reparación, conservación, mantemento, reposición ou substitución que sexan necesarias ó efecto, e cumprindo estrictamente as disposicións de indole hixiénico-sanitarias.*

As obras de adaptación, reparación e mellora que se executen, serán por conta exclusiva da concesionaria, requirindo a presentación previa dunha memoria ou proxecto e a súa aprobación polo Concello, sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas. En todos os casos, os gastos investidos quedarán en beneficio do inmóbel sen dereito ningún ao seu reembolso por esta administración.

- d) Permitti-lo acceso ás dependencias e instalacións da concesión, á autoridade e funcionarios municipais en orde á inspección e control desta.*
- e) Responder dos danos ou perdas que poidan ocasionarse á terceiros ou ó propio inmóbel durante todo o prazo da concesión, debendo suscribir unha póliza de aseguramento a todo risco do edificio, de perdas ou danos materiais, polo importe alomenos de 34.465 €, e na que figure como beneficiaria o Concello de Vigo, acreditando a súa contratación antes do inicio da actividade, e posteriormente con periodicidade anual, a súa renovación e vixencia.*
- f) Satisface-los tributos estatais, autonómicos e locais que lle corresponda pola concesión administrativa da que é titular.*
- g) O cumprimento das súas obrigas de carácter social e laboral respecto do persoal que contrate pola súa conta para o desenvolvemento normal da actividade, poidendo a Administración municipal esixir en calquera momento proba documental de estar ó corrente no pagamento das cotas da Seguridade Social correspondente ó seu persoal.*
- h) Non hipoteca-la concesión administrativa.*
- i) Aboa-los gastos de teléfono, enerxía eléctrica, gas, administración de auga, e calquera outro de natureza semellante.*
- j) Dispoñer follas de reclamación e listas de prezos a disposición do público usuario.*
- k) A entrega do local, xunto coas melloras e instalacións fixas, ao remate, por calquera causa, da concesión administrativa.*

2. O concesionario terá dereito a:

- a) Posta a disposición polo Concello do inmovible municipal, e á súa ocupación privativa para o desenvolvemento da actividade, durante o prazo concesional e consonte o disposto no presente prego.*
- b) Efectuar, ó seu cargo, obras de mellora, división interior e reforma no local e instalacións, que fagan aconsellables para súa mellor funcionalidade e aproveitamento, e redunde en beneficio da actividade comercial.*

Requiríndose a presentación de memoria explicativa e planos descritivos da obra a realizar, e a previa autorización do Concello.

- c) Transmíti-la concesión a terceiras persoas cumprindo as condicións previstas na cláusula XII.*

CLAUSULA XI.- FACULTADES DA ADMINISTRACIÓN:

O Concello ostentará, sen prexuízo das que legalmente ou regulamentariamente procedan, as seguintes facultades:

- a) *Vixia-las obras e instalacións que se efectúen no inmovible, e comprobar o seu estado de conservación e limpeza, e isto sen prexuízo das facultades inspectoras doutros organismos públicos.*
- b) *Sanciónar ó concesionario pola comisión de infraccións, conforme o previsto e tipificado no presente prego.*
- c) *Esixir ó concesionario, no prazo que se fixe no escrito de requirimento, a adopción de medidas, ou a realización de obras e reparacións, que resulten necesarias para a correcta conservación e mantemento do inmovible, das súas instalacións e dependencias.*
- d) *A de interpreta-lo contrato, resolve-las dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acorda-la súa resolución e determina-los seus efectos.*
- e) *O rescate da concesión antes do seu vencemento, por circunstancias sobrevidas de interese público ou por esixencias do planeamento vixente.*
- f) *Calquera outros dereitos e facultades que correspondan á Administración en relación co contido da concesión administrativa.*

CLAUSULA XII.-CESIÓN DO DEREITO DA CONCESIÓN.

O concesionario poderá cede-los seus dereitos concesionais unicamente ó seu conxuge, de acordo e nos termos previstos na Lei de Contratos das Administracións Públicas.

CLÁUSULA XIII.- RÉXIME DISCIPLINARIO: INFRACCIÓNS, SANCIÓN E PROCEDIMENTO SANCIONADOR.

A. INFRACCIÓNS:

Os incumprimentos contractuais polo concesionario darán lugar á imposición de sancións administrativas e a estes efectos terán a consideración de:

- a) *Infraccións leves:*
 - *A produción de ruídos, gritos ou música que incumpran a ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.*
 - *A falta de ornato ou limpeza das instalación e da zona de influencia.*
 - *O emprego de palabras ou acenos groseiros no seu trato cos usuarios ou viandantes.*
- b) *Infraccións graves:*
 - *A reincidencia por dúas veces en faltas leves.*
 - *Non cumprir as obrigas de seguridade das intalacións e os seus elementos.*

- *A colocación de mercadorías e o exercicio da actividade fóra do recinto da instalación.*
- *O peche ou suspensión do exercicio da actividade por un prazo superior a 7 días consecutivos ou 10 alternos no prazo de 6 meses, agás que medie causa xustificada.*
- *A desobediencia ás ordes e instrucións municipais.*

*c) **Infraccións moi graves:***

- *A reiteración por dúas veces de faltas graves.*
- *O incumprimento das obrigas fiscais e de Seguridade Social.*
- *A exposición e venda de produtos non autorizados.*
- *O peche ou suspensión do exercicio da actividade por un prazo superior a 10 días consecutivos ou 15 alternos no prazo de 6 meses, agás que medie causa xustificada.*
- *As modificacións da instalación que revistan carácter esencial e non consten na autorización municipal previa para a realización das mesmas.*
- *Destinar o local á actividades distintas das autorizadas.*
- *A transmisión ou cesión da concesión sin autorización municipal.*

B. SANCIONES

1. *As infraccións previstas no apartado anterior serán sancionadas, previa instrucción do correspondente expediente, con multas de acordo coa seguinte escala:*
 - a) *Pola comisión de infracción leve: multa de ata 750 €.*
 - b) *Pola comisión de infracción grave: multa de 751 ata 1.500 €.*
 - c) *Pola comisión de infracción moi grave: multa de 1. 501 ata 3.000 €.*
2. *A contía das sancións económicas entenderanse automaticamente revisadas simultaneamente co canon en cada período en que este experimente alteración.*
3. *A comisión de infracción moi grave poderá tamén ser sancionada coa resolución da concesión.*
4. *A imposición de calquera das sancións previstas nos apartados anteriores será compatíbel coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondente á súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.*
5. *As sancións a aplicar fixaránse atendendo os seguintes criterios de gradación:*
 - a) *O grado de culpabilidade do infractor.*

- b) *A existencia de intencionalidade ou reiteración.*
- c) *A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.*
- d) *A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas nesta ordenanza, cando así fose declarado por resolución firme.*
- e) *A reparación do dano voluntariamente antes de recaer a resolución que poña fin ó procedemento sancionador.*

C. PROCEDEMENTO SANCIONADOR:

O incumprimento das normas establecidas no presente prego, orixinará a incoacción do correspondente expediente sancionador que se tramitará consonte o procedemento previsto na Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Comun, e no regulamentado no RD 1398/1993, de 4 de agosto, Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora.

I.- órgano competente para imposición das sancións.-

1. *As sancións por infraccións leves ou graves imporáanse polo Concelleiro delegado en materia de Patrimonio.*
2. *As sancións por infraccións moi graves imporáanse pola Xunta de Goberno Local .*

II.-prazo de prescripción das infraccións e sancións.-

1. *As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves ós dous anos e as leves ós seis meses*
2. *As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán ós tres anos, as impostas por faltas graves ós dous anos e as impostas por faltas leves ó ano.*
3. *O prazo de prescripción das infraccións comenará a contarse dende o día no que a infracción se cometeu. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador reanudándose o prazo de prescripción se o expediente sancionador se paralizase máis dun mes por causa non imputábel ó presunto responsábel.*
4. *O prazo de prescripción das sancións comenará a contarse dende o día o seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, voltando a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputábel ó infractor.*

III.-Pagamento das sancións:

O importe das multas será aboado polo concesionario na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o importe da sanción, esixirase o pagamento por vía de apremio administrativo.

CLÁUSULA XIV.- RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN.

Serán causa de resolución da concesión, sen prexuício das tipificadas como infraccións moi graves, as seguintes:

- a) A cesión, transferencia ou novación da titularidade da concesión, ou dos dereitos de xestión e explotación do local sen autorización municipal.*
- b) Allear ou gravar os bens o dereitos concesionais.*
- c) Destinar o local concedido, a instalacións ou usos distintos dos expresados neste prego.*
- d) O incumprimento reiterado ás ordes ou instrucións diktadas pola Administración, referente a conservación e mantemento das instalacións ou dominio público.*

CLÁUSULA XV.- RESCATE.

O Concello resérvase o dereito de deixar sen efecto a concesión antes do vencemento, se o xustificasen circunstancias de interese público, sen prexuízo da indemnización ó concesionario dos danos que se lle causasen.

CLÁUSULA XVI.- EXTINCIÓN DA CONCESIÓN.

A concesión extinguirase:

- a) Polo transcurso do prazo polo que foi outorgada.*
- b) Incuprimento dos fins ou actividades para os que foi concedida.*
- c) Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.*
- d) Por calquera das causas previstas no art. 100 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas.*

CLÁUSULA XVII.- REVERSIÓN.

1.- Ó vencemento da concesión, e con independencia da causa que a motive, o concesionario vendra obrigado a cesar no uso e ocupación do inmovible e na explotación da actividade, debendo deixar a edificación á libre disposición do Concello, en perfecto estado de conservación, que revertirá gratuitamente e libre de cargas e gravames xunto coas súas melloiras e instalacións fixas, sen que o concesionario teña dereito a percepción de indemnización ou contraprestación ningunha.

2.- Da recepción polo Concello dos bens revertidos levantarase a correspondente acta en presenza do concesionario, se comparecese este a dito acto. Na acta reseñarase o estado de conservación dos bens revertidos, especificándose, de selo caso, as deficiencias ou deterioros que presenten, servindo a acta de base para instruír o correspondente expediente,

no que se concretará o importe das reparacións necesarias, cuxo abono esixirásese ó concesionario, utilizando, se fose necesario, o procedemento de apremio administrativo.

3.- Estabéllese como prazo máximo para o desaloxo e entrega do local, o de quince días hábiles a contar dende a data de vencemento da concesión.

Se transcorrido dito prazo, o concesionario non procedera ó desaloxo e entrega dos bens, aboará ó Concello de Vigo, en concepto de indemnización, a cantidade de 300 euros por cada día de retraso no que incorra, e ata o total cumprimento da súa obriga. O Concello, sen prexuízo de dita indemnización, poderá exercitar as accións e facultades que o ordenamento xurídico lle recoñece na defensa e protección do seu patrimonio.

CLÁUSULA XVIII.- FORMALIZACION DA CONCESIÓN

A concesión formalizarásese en documento administrativo, nun prazo de 15 días dende a data da notificación do acordo ao solicitante, puidéndose elevar a documento notarial se calquera das partes o solicita, debendo neste caso seren de conta de quen o solicite os gastos que se deriven do outorgamento da escritura.

CLÁUSULA XIX.- GASTOS

O concesionario estará obrigado a pagar tódolos gastos dos anuncios, nos diarios oficiais, da información pública a que deba someterse o prego de condicións. Así mesmo, deberá satisfacer tódolos impostos, contribucións e taxas que graven a concesión.


O importe máximo dos anuncios de información é de 750 euros.

CLÁUSULA XX.- TRIBUNAIS COMPETENTES.

A prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento corresponde ó Concello de Vigo, e á xurisdicción contencioso-administrativa a competencia para coñecer as cuestións litixiosas que xurdan ou se deriven da aplicación destas condicións que conteña o contrato, ou en canto á interpretación, modificación ou resolución.

CLÁUSULA XXI.- RÉXIME XURÍDICO.

No non previsto no presente prego, estarase ó disposto na Lei de Bases de Réxime Local, Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, Regulamento de Bens das Entidades Locais e demais disposicións de aplicación.



local municipal en Elduayen e: 1/50

19(124).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE AGOSTO E DECEMBRO DE 2014. EXPTE. 26135/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.01.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 30.01.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de

que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

Recíbense no Servizo de Recursos Humanos os documentos que a continuación se relacionan, nos que as xefaturas dos distintos servizos, co conforme do concelleiro/a delegado/a da área correspondente, relacionan o persoal que realizou exceso de xornada nos meses de agosto, e decembro-2014 (Alcaldía, Extinción Incendios, Policía Local, Inspección Vías e Obras, Ospio, Vías e Obras, Limpeza, Parque Central, Museo, Conserxería, Parque Móbil e Turismo.

Nº DOCU-MEN-TO	SERVIZO	MES	Nº HO-RAS	EXPT. AUTORI-ZA-CION
150001478	Alcaldía (Condutores)	Decembro-2014	317'00	
150001040	Extinción de Incendios	Decembro-2014	2.144'00	
150002260	Policía Local (Xulgados)	Decembro-2014	864'00	
150002254	Policía Local (Horas en exceso)	Decembro-2014	363'30	
140105263	Inspección Vías e Obras	Agosto-2014	80'00	25367-220
150000192	Ospio	Agosto-2014	48'00	25373-220
150000210	Vías e Obras	Agosto-2014	15'00	25366-220
150000210			115'00	
150000225	Limpeza	Agosto-2014	5'00	25368-220
150000600			16'00	25369-220
150000219	Parque Central	Agosto-2014	32'00	25462-220
150004717	Museo	Agosto-2014	11'00	25452-220
150005551	Conserxeria	Novembro-2014	16'31	
150000220	Parque Móbil	Agosto-2014	56'00	25397-220
140159025	Turismo	Agosto-2014	16'00	5271-104

Nos documentos remitidos indícase nome, numero de persoal , servizo ao que esta adscrito o empregado municipal, data de realización do exceso de xornada, intervalo horario, lugar e motivo e número de horas en exceso realizadas. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas.

Asimesmo, todo o exceso de xornada remitido, conta coa resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal de autorización de realización das mesmas.

Nas devanditas Resolucións, no seu punto II, se indica que:

“Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do numero de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de ho-

ras autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, estas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación”

Nas relacións correspondentes ao Servizo da Policía Local e Servizo de Extinción de Incendios, polas súas especiais características, non se esixe a autorización previa. No caso do Servizo da Policía Local, amais do exceso de xornada realizado remítense os listados correspondentes a asistencia a xulgados do persoal do servizo.

Inclúense no expediente relacións cuantificadas das horas de asistencia a xulgado, prolongación de xornada laboral e, nocturnidade e festividade por cuadrante, figurando as datas, motivo e nº de horas do exceso de xornada realizado persoal do Servizo da Policía Local.

Nas relacións do persoal que forman parte do expediente 26135-220 e que se corresponden cos Documento 150001478 (Alcaldía), Documento 150001040 (Extinción de Incendios), Documento 150002260 (Policía Local- Xulgados), Documento 150002254 (Policía Local-Horas en exceso), Documento 140105263 (Inspección Vías e Obras), Documento 150000192 (Ospio), Documentos 150000210 e 150003670 (Vías e Obras), Documentos 150000225 e 40145887 (Limpeza), Documento 150000219 (Parque Central), Documento 150004717 (Museo), Documento 150005551 (Conserxería), Documento 150000220 (Parque Móbil) e Documento 140159025 (Turismo) figuran o servizo ao que están adscritos os empregados municipais, nome e apelido, número de persoal, posto, data, intervalo horario, lugar e motivo do exceso de xornada.

Pola Tesourería Municipal liquidáronse as cantidades que corresponden e que ascenden a un total de 42.431'94 €, con arreglo o previsto na disposición transitoria 6ª.3ª do Acordo regulador e as directrices contidas no antecedente da presente resolución, para a súa posterior inclusión na nómina de cada un dos interesados.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal que figura nas relacións que forman parte do expediente, asinadas polos respectivos xefes e servizo e conformadas polos concelleiros-delegados das Áreas correspondentes, dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS	APELIDOS E NOME
Alcaldía (Condutores)	Decembro-2014	317'00	De Vázquez Martínez, Manuel a Fontán Balbuena, Camilo
Extinción de Incendios	Decembro-2014	2.144'00	De Aguirre Rodríguez, Manuel a Veiga García, Rubén
Policía Local (Xulgados)	Decembro-2014	864'00	De Airabella Marra, Francisco José a Vivero Mijares, Juan Guillermo
Policía Local (Horas en exceso)	Decembro-2014	363'30	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vidal Trigo, Antonio

<i>Inspección Vías e Obras</i>	<i>Agosto-2014</i>	<i>80'00</i>	<i>De Barciela Simón, Benito a Matilde Viñas, J. Eugenio</i>
<i>Ospio</i>	<i>Agosto-2014</i>	<i>48'00</i>	<i>De Ferro Macho, Ángel a Vázquez Rial, Ramón</i>
<i>Vías e Obras</i>	<i>Agosto-2014</i>	<i>15'00</i> <i>115'00</i>	<i>De Prieto Domínguez, Florentino</i> <i>De Amoedo Cabaleiro, José L. a Rodríguez Rocha, Rodrigo</i>
<i>Limpeza</i>	<i>Agosto-2014</i>	<i>5'00</i> <i>16'00</i>	<i>De Quintas Pérez, Manuel</i> <i>De Sola Quiroga, José Constantino</i>
<i>Parque Central</i>	<i>Agosto-2014</i>	<i>32'00</i>	<i>De Comesaña Davila, José A. a Cuervo Coomonte, Luciano</i>
<i>Museo</i>	<i>Agosto-2014</i>	<i>11'00</i>	<i>De Vázquez Martínez, Ramón</i>
<i>Conserxeria</i>	<i>Novembro</i>	<i>16'31</i>	<i>De Sánchez Carrasco, Teresa</i>
<i>Parque Móbil</i>	<i>Agosto-2014</i>	<i>56'00</i>	<i>De Alonso González, Ángel a Romero Cobas, José Luis</i>
<i>Turismo</i>	<i>Agosto-2014</i>	<i>16'00</i>	<i>De Rodríguez Bastos, Enrique</i>

Consta no expediente ampliación de informe do 2.02.15, da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(125).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

a) JAVIER FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ. EXPTE. 90948/210

Visto o informe de fiscalización do 4.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 22.01.15, conformado polo concelleiro-delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

En data 03 de setembro de 2014 por parte de Javier Fernández Rodríguez, constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Avda. E. Martínez Garrido, 4, (expte 90331/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Javier Fernández Rodríguez, en data 23 de outubro de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 29 de outubro de 2014, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

En data 04 de novembro de 2014, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Javier Fernández Rodríguez, a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 03 de setembro de 2014 por Javier Fernández Rodríguez, con NIF 36079438-M, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio

municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Avda. E. Martínez Garrido, 4, por non producirse danos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

b) FLORIDA GALICIA, S.L. EXPTE. 91131/210

Visto o informe de fiscalización do 30.12.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 13.01.15, conformado polo concelleiro-delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

En data 03 de outubro de 2014 por parte de Florida Galicia, S.L., constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Gravina, 10, (exppte 90652/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Florida Galicia, S.L., en data 07 de novembro de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 25 de novembro de 2014, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

En data 30 de decembro de 2014, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Florida Galicia, S.L., a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 03 de outubro de 2014 por Florida Galicia, S.L., con NIF B-27803113, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Gravina, 10, por non producirse danos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

c) CONSTRUCCIONES IGLESIAS, C.B. EXPTE. 91409/210

Visto o informe de fiscalización do 16.01.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 22.01.15, conformado polo concelleiro-delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

En data 21 de outubro de 2014 por parte de Construcciones Iglesias, C.B., constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Pi y Margall, 113, (exppte 90852/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Construcciones Iglesias, C.B., en data 01 de decembro de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 12 de decembro de 2014, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

En data 16 de xaneiro de 2015, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Construcciones Iglesias, C.B., a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 21 de decembro de 2014 por Construcciones Iglesias, C.B., con NIF E-36998722, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Pi y Margall, 113, por non producirse danos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

d) IMPERMEBA, S.L. EXPTE. 91453/210

Visto o informe de fiscalización do 16.01.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 22.01.15, conformado polo concelleiro-delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

En data 27 de outubro de 2014 por parte de Impermeba, S.L., constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Colón, 9, (expte 90729/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Impermeba, S.L., en data 04 de decembro de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 12 de decembro de 2014, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

En data 16 de xaneiro de 2015, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Impermeba, S.L., a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 27 de outubro de 2014 por Impermeba, S.L., con NIF B-36696698, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Colón, 9, por non producirse danos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

e) IMPERMEBA, S.L. EXPTE. 91454/210

Visto o informe de fiscalización do 16.01.15, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 22.01.15, conformado polo concelleiro-delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

En data 28 de xullo de 2014 por parte de Impermeba, S.L., constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Zaragoza, 51, (expte 89784/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Impermeba, S.L., en data 04 de decembro de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 12 de decembro de 2014, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

En data 16 de xaneiro de 2015, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Impermeba, S.L., a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 28 de xullo de 2014 por Impermeba, S.L., con NIF B-36696698, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Zaragoza, 51, por non producirse danos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

f) NEXO PROYECTOS Y DECORACIÓN, S.L. EXPTE. 91490/210

Visto o informe de fiscalización do 16.01.15, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 22.01.15, conformado polo concelleiro-delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

En data 08 de outubro de 2014 por parte de Nexo Proyectos y Decoración, S.L., constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Sanjurjo Badía, 93, (expte 90661/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Nexo Proyectos y Decoración, S.L., en data 09 de decembro de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 12 de decembro de 2014, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

En data 16 de xaneiro de 2015, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Nexo Proyectos y Decoración, S.L., a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 08 de outubro de 2014 por Nexo Proyectos y Decoración, S.L., con NIF B-36998656, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Sanjurjo Badía, 93, por non producirse danos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

g) MANUEL SEOANE VÁZQUEZ, S.A. EXPTE. 91495/210

Visto o informe de fiscalización do 16.01.15, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 22.01.15, conformado polo concelleiro-delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

En data 01 de decembro de 2014 por parte de Manuel Seoane Vázquez, S.A., constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Tomás Alonso, 204, (expte 91363/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Manuel Seoane Vázquez, S.A., en data 10 de decembro de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 12 de decembro de 2014, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

En data 16 de xaneiro de 2015, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Manuel Seoane Vázquez, S.A., a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 01 de decembro de 2014 por Manuel Seoane Vázquez, S.A., con NIF A-36657658, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Tomás Alonso, 204, por non producirse danos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

21(126).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAS CONDUTORES- 4º TRIMESTRE 2014. EXPTE. 26170/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 02.02.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 29.01.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

Recíbese no Servizo de Recursos Humanos, debidamente asinado polo xefe da unidade de mantemento de Vías Municipais, polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras e o Concelleiro delegado correspondente, o informe do persoal do Taller de Vías e Obras que utilizou vehículo lixeiro municipal sin ser oficiais conductores, segundo a relación que se achega:

Nº Persoal	Categoría	Apelidos e Nome
13480	Xefe de Equipo	Alonso Correa, José Fernando
13669	Capataz	Martínez González, José Manuel
13681	Capataz	Rodríguez Prieto, Federico
17348	Capataz	Mariño Sanromán, Roberto
17360	Oficial Pavimentador	Bastos Román, Jesús
17408	Oficial Pavimentador	Rodríguez Rocha, Rodrigo
17779	Oficial fontaneiro	Vázquez de Francisco, José L.
76566	Oficial Pavimentador	López Rivera, Juan Ramón
77393	Oficial Albanel	Goberna Trigo, Fidel
78480	Oficial Albanel	Gutierrez Rodríguez, J. Carlos
79133	Xefe de Equipo	Calles Santos, Primitivo
80492	Oficial Albanel	Martínez Vieitez, José Manuel
80672	Oficial Pavimentador	Martínez Barreiro, J. Manuel
81662	Oficial Pavimentador	Barros González, Delio
82116	Oficial Albanel	Senra Bouza, Julio

A instrucción terceira, apartado g) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente na actualidade, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a actividade extraordinaria derivada da conducción de un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe de de 3'38 €/mes.

Para ter dereito á percepción deste complemento será preceptivo o desempeño destas funcións por tempo superior ó 50% de cada respectiva xornada diaria.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do

Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

Da análise da documentación comprobase a existencia dunha relación do persoal do servizo con indicación do nome do empregado municipal, matrícula do vehículo utilizado, data do servizo, lugar e motivo. En canto a que efectiva realización da actividade laboral, xunto coa veracidade

na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.

Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 920.0.1500000, efectuaranse en función dos días realmente traballados, .excluíndose polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓN. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais .

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, proponse a adopción do seguinte A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por utilización polos servizos prestados polo persoal do Taller de Vías e Obras, por condución de vehículo lixeiro municipal non sendo oficial condutor, fundamentado no informe emitido pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, correspondentes ao 4º trimestre de 2014, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado g) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00- “Productividade”, por importe de 2.244,32 €

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de

coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

ANEXO

Nº Persoal	Categoría	Apelidos e Nome	Importes
13480	Xefe de Equipo	Alonso Correa, José Fernando	64,22
13669	Capataz	Martínez González, José Manuel	179,14
13681	Capataz	Rodríguez Prieto, Federico	192,66
17348	Capataz	Mariño Sanromán, Roberto	182,52
17360	Oficial Pavimentador	Bastos Román, Jesús	104,78
17408	Oficial Pavimentador	Rodríguez Rocha, Rodrigo	104,78
17779	Oficial fontaneiro	Vázquez de Francisco, José L.	165,62
76566	Oficial Pavimentador	López Rivera, Juan Ramón	104,78
77393	Oficial Albanel	Goberna Trigo, Fidel	202,8
78480	Oficial Albanel	Gutierrez Rodríguez, J. Carlos	196,04
79133	Xefe de Equipo	Calles Santos, Primitivo	152,1
80492	Oficial Albanel	Martínez Vieitez, José Manuel	182,52
80672	Oficial Pavimentador	Martínez Barreiro, J. Manuel	202,8
81662	Oficial Pavimentador	Barros González, Delio	104,78
82116	Oficial Albanel	Senra Bouza, Julio	104,78
		TOTAIS.....	2.244,32

Consta no expediente ampliación de informe de data 4.02.14, da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(127).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.